PARLAMENTO DE GALICIA

BOLETÍN OFICIAL DO PARLAMENTO DE GALICIA

Número 188 IX lexislatura 31 de outubro de 2013

SUMARIO

1. Procedementos parlamentarios

1.1. Procedementos de natureza normativa

1.1.2. Propostas de normas

1.1.2.1. Proxectos e proposicións de lei

1.1.2.1.1. Proxectos de lei

Emendas ao articulado formuladas ao Proxecto de lei de racionalización do sector público autonómico

– Do G.P. do Bloque Nacionalista Galego (doc. núm. 14248) 44447
– Do G.P. da Alternativa Galega de Esquerda (doc. núm. 14225) 44453
– Do G.P. dos Socialistas de Galicia (docs. núms. 14245 e 14251) 44463
– Do G.P. Popular de Galicia (doc. núm. 14247) 44477

Emendas ao articulado formuladas ao Proxecto de lei do emprendemento e da competitividade económica de Galicia

– Do G.P. Popular de Galicia (doc. núm. 13577) 44484
– Do G.P. dos Socialistas de Galicia (doc. núm. 13579) 44497
– Do G.P. da Alternativa Galega de Esquerda (doc. núm. 13587) 44516
– Do G.P. do Bloque Nacionalista Galego (doc. núm. 13583) 44528

1.1.2.1.2. Proposicións de lei

Emendas ao articulado formuladas á Proposición de lei pola visibilidade e non discriminación de lesbianas, gays, transexuais e bisexuais en Galicia

– Do G.P. do Bloque Nacionalista Galego (doc. núm. 13958) 44544
– Do G.P. da Alternativa Galega de Esquerda (doc. núm. 13961) 44555
– Do G.P. Popular de Galicia (doc. núm. 13963) 44563

4. Informacións e correccións de erros

4.2. Correccións de erros

Corrección de erros na execución dos acordos da Mesa do Parlamento do día 8 de abril de 2013 en relación coa omisión da admisión a trámite da resposta núm. 6146 á pregunta escrita 4453 (09/PRE-000717) 44245

1. Procedementos parlamentarios

1.1. Procedementos de natureza normativa

1.1.2. Propostas de normas

1.1.2.1. Proxectos e proposicións de lei

1.1.2.1.1. Proxectos de lei

Emendas ao articulado formuladas ao Proxecto de lei de racionalización do sector público autonómico

A Mesa da Comisión 1ª, Institucional, de Administración Xeral, Xustiza e Interior, na súa sesión do día 30 de outubro de 2013, adoptou o seguinte acordo:

Cualificación de emendas ao articulado presentadas ao Proxecto de lei de racionalización do sector público autonómico (11926, 09/PL-000013)

Examinados os escritos presentados e dado que se axustan aos requisitos establecidos no Regulamento da Cámara, acorda a súa admisión co seguinte detalle:

Emendas ao articulado (un total de 123)

Do G.P. do Bloque Nacionalista Galego (doc. núm. 14248, contén 18 emendas)
Do G.P. da Alternativa Galega de Esquerda (doc. núm. 14225, contén 42 emendas)
Do G.P. dos Socialistas de Galicia (docs. núms. 14245 e 14251, contén 55 emendas)
Do G.P. Popular de Galicia (doc. núm. 14247, contén 8 emendas)

Santiago de Compostela, 30 de outubro de 2013
Pilar Rojo Noguera
Presidenta

Emendas ao articulado formuladas ao Proxecto de lei do emprendemento e da competitividade económica de Galicia

A Mesa da Comisión 6ª, Industria, Enerxía, Comercio e Turismo, na reunión do 30 de outubro de 2013, adoptou os seguintes acordos:

Cualificación das emendas ao articulado ao Proxecto de lei do emprendemento e da competitividade económica de Galicia (11244, 09/PL-000012)

Examinados os escritos presentados e dado que se axustan aos requisitos establecidos no Regulamento da Cámara, acorda a súa admisión co seguinte detalle:

Emendas ao articulado (un total de 169):

Do G.P. Popular de Galicia (doc. núm. 13577)
Do G.P. dos Socialistas de Galicia (doc. núm. 13579)
Do G.P. da Alternativa Galega de Esquerda (doc. núm. 13587)
Do G.P. do Bloque Nacionalista Galego (doc. núm. 13583)

Santiago de Compostela, 30 de outubro de 2013
Pilar Rojo Noguera
Presidenta

1.1.2.1.2. Proposicións de lei

Emendas ao articulado formuladas á Proposición de lei pola visibilidade e non discriminación de lesbianas, gays, transexuais e bisexuais en Galicia

A Mesa Comisión 1ª, Institucional, de Administración Xeral, Xustiza e Interior, na súa sesión do día 30 de outubro de 2013, adoptou os seguintes acordos:

Cualificación das emendas ao articulado presentadas á Proposición de lei pola visibilidade e non discriminación de lesbianas, gays, transexuais e bisexuais en Galicia (9416, 09/PPL-000010)

Examinados os escritos presentados e dado que se axustan aos requisitos establecidos no Regulamento da Cámara, acorda a súa admisión co seguinte detalle:

Emendas ao articulado (un total de 97)

Do G.P. do Bloque Nacionalista Galego (doc. núm. 13958, contén 23 emendas)
Do G.P. da Alternativa Galega de Esquerda (doc. núm. 13961, contén 29 emendas)
Do G.P. Popular de Galicia (doc. núm. 13963, contén 45 emendas)

Santiago de Compostela, 30 de outubro de 2013
Pilar Rojo Noguera
Presidenta

4. Informacións e correccións de erros

4.2. Correccións de erros

Corrección de erros na execución dos acordos da Mesa do Parlamento do día 8 de abril de 2013 en relación coa omisión da admisión a trámite da resposta núm. 6146 á pregunta escrita 4453 (09/PRE-000717)

Advertido un erro material, por omisión, na relación das iniciativas admitidas a trámite pola Mesa do Parlamento na reunión do 8 de abril de 2013, procédese á súa corrección nos seguintes termos.

No punto de procedementos de información debe engadirse:

Procedementos de información
Respostas a preguntas

- 6146 - 4453 (09/PRE-000717)
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Méndez Romeu, José Luis e 2 máis
Sobre a actuación que está levar a cabo o Igape en relación cos procesos de licitación correspondentes aos diversos expedientes de contratación do ente público
BOPG nº 67, do 12.03.2013

Santiago de Compostela, 7 de outubro de 2013
Xosé Antón Sarmiento Méndez
Letrado oficial maior

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 23/10/2013 18:21
Nº Rexistro: 14248
Data envio: 23/10/2013 18:21:35.310

PARLAMENTO DE GALICIA

EMENDAS PRESENTADAS POLO GRUPO PARLAMENTARIO BLOQUE NACIONALISTA GALEGO AO PROXECTO DE LEI DE RACIONALIZACIÓN DO SECTOR PÚBLICO AUTONÓMICO (NUM. EXPE. 09/PL-000013).

Emenda nº1, ao apartado 1, de Substitución. Artigo 2

Substitúese o texto do apartado 1 do artigo 2 polo seguinte:

"1. O sector público de Galiza terá a estrutura e dimensión necesarias para desenvolver as competencias da Comunidade Autónoma e prestar os servizos básicos vinculados ás mesmas, garantindo a atención ás necesidades da cidadanía, con pleno respecto aos principios de universalidade e non condicionalidade no acceso a ditos servizos, así como os demais que orienten o réxime xurídico do sector público."

Emenda nº2, ao apartado 4, de Adición. Artigo 8

Engádese un novo parágrafo no artigo 8.4 coa seguinte redacción:

"No suposto de que a contratación dun servizo ou asistencia técnica implique a prestación ou realización de traballos por persoal alleos ao sector público, só se poderá realizar cando se cumpran as seguintes condicións:
a) Que a empresa externa fornece de todos os recursos e medios materiais para o desenvolvemento do traballo do persoal que realiza os traballos. En particular, dito persoal non poderá desenvolver as súas funcións nas oficinas da administración ou entidades do sector público.
b) Que a administración ou entidade que encarga o servizo non acometera reestruturacións de persoal ou das relacións de postos de traballo no último ano.
c) Que os servizos contratados non reempracen ou substitúan, total ou parcialmente, as funcións de postos de traballo que foran obxecto de amortización ou supresión nas relacións de postos de traballo da administración ou entidade contratante.

d) Que as funcións a desempeñar non sexan as propias das categorías profesionais reguladas nas relacións de postos de traballo ou nos convenios ou acordos de persoal aplicábeis.”

Emenda nº3, de Supresión. Artigo 12

Suprímese o artigo 12

Emenda nº4, ao apartado 2, de Supresión. Artigo 13

Suprímese o segundo parágrafo do artigo 13.2

Emenda nº5, ao apartado 2, de Adición. Artigo 19

Engádese unha nova alínea ao artigo 19.2:

“– A redución progresiva das contratacións de asistencias técnicas e de servizos que impliquen a posta a disposición de persoal ou a realización de funcións por persoal externo en categorías e desempeños profesionais que nas relacións de postos de traballo, convenios colectivos ou acordos laborais figuren para o persoal propia da administración ou das entidades do sector público.”

Emenda nº6, ao apartado 1, de Substitución. Artigo 23

Substitúese no artigo 23.1 a expresión: “de importe superior a 25.000 euros” por “calquera que sexa o seu importe”

Emenda nº7, ao apartado 1, de Substitución. Artigo 23

Substitúese no artigo 23.1 a expresión “de importe superior a 9.000 euros” por “calquera que sexa o seu importe”

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 23/10/2013 18:21
Nº Rexistro: 14248
Data envio: 23/10/2013 18:21:35.310

PARLAMENTO DE GALICIA

Emenda nº8, ao apartado 2.d), de Adición. Artigo 30

Engádese unha alínea d) no artigo 30.2:

“d) O contratista forneza os medios e recursos materiais para o desempeño do traballo, velando porque non se usen medios, especialmente locais e oficinas, da administración ou entidade contratante para o desempeño do traballo.”

Emenda nº9, ao apartado 2.e), de Adición. Artigo 30

Engádese unha alínea e) no artigo 30.2:

“e) O contratista asegurará que non se desempeñan por parte do persoal da empresa adxudicataria funcións ou traballos propios das categoráis profesionais existentes nas relacións de postos de traballo, convenios colectivos ou acordos laborais da administración ou entidade pública.”

Emenda nº10, de Substitución. Artigo 32

Substitúese o texto do artigo 32 polo seguinte:

“Artigo 32. Limitacións na celebración de contratos de colaboración público-privada e de concesión de obra público no sector público de Galiza.
A administración da Comunidade Autónoma e as entidades do sector público autonómico non prepararán nin adxudicarán contratos de colaboración público-privada e de concesión de obra pública, que impliquen cesión ou adxudicación de servizos adicionais ao contratista, alén da propia construción da obra pública.
En ningún caso se poderán celebrar e adxudicar ditas modalidades de contratación no caso de obras e infraestruturas vinculadas a servizos públicos básicos.”

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 23/10/2013 18:21
Nº Rexistro: 14248
Data envio: 23/10/2013 18:21:35.310

Emenda nº11, de Supresión. Artigo 38

Suprímese o artigo 38

Emenda nº12, de Supresión. Artigo 39

Suprímese o artigo 39

Emenda nº13, de Supresión. Artigo 40

Suprímese o artigo 40

Emenda nº14, de Supresión. Artigo 41

Suprímese o artigo 41

Emenda nº15, ao apartado 2, de Supresión. Disposición adicional décima

Suprímese o parágrafo segundo do apartado 2 da disposición adicional décima.

Emenda nº16, ao apartado 3, de Supresión. Disposición adicional décimo primeira

Suprímese o apartado 3 da disposición adicional décimo primeira.

Emenda nº17, de Adición. Disposición adicional décimo segunda

Engádese unha nova disposición adicional décimo terceira co seguinte contido:

“Disposición Adicional Décimo terceira. Plan de simplificación administrativa.
A Consellaría competente en materia de avaliación e reforma administrativa presentará, aos efectos de dar cumprimento ao previsto no artigo 4 desta lei, e no prazo de seis meses desde a súa entrada en vigor, un plan de racionalización, axilización e simplificación administrativa, que teña por obxectivo a redución dos prazos de tramitación nos procedementos administrativos, en base aos seguintes criterios:
a. Nos relativos á concesión de axudas e subvencións para actividades nas que se financie gasto corrente, de funcionamento ou non inventariábel, establecer como prazo máximo do procedemento dous meses.
b. Nos procedementos de subvencións para actividades formativas ou de investigación, establecer como prazo máximo tres meses.
c. Nos procedementos de concesión de axudas e subvencións para investimentos, fixar como prazo máximo seis meses.
d. Nos procedementos relativos a autorizacións administrativas relativas ao recoñecemento e rexistro de actividades, o prazo máximo será de tres meses.
e. Nos procedementos relativos a concesións administrativas, autorizacións singulares de uso ou permisos de actividade, que non requiran avaliación ou autorización ambiental o prazo máximo será de 6 meses.
f. Nos procedementos de concesións, autorizacións ou permisos de actividades sometidas á normativa sectorial ou ambiental específica, que requiran de autorización ambiental, o prazo máximo será de 12 meses.
g. Nos procedementos sancionadores, o prazo máximo será establecido como máximo en seis meses desde o seu inicio.
h. Nos procedementos de recurso, serán resoltos nun prazo máximo de tres meses desde a interposición do mesmo.“

Emenda nº18, de Substitución. Exposición de motivos

Substitúese o texto dos parágrafos 1, 2 e 3 da exposición de motivos polo seguinte:

"A actividade que desenvolve a Administración Pública Galega e as súas entidades dependentes ten unha incidencia relevante na vida da cidadanía, tanto desde a perspectiva da prestación

de servizos públicos como desde a óptica da regulación e ordenación de actividades privadas desde a esfera pública.
A administración galega acometeu nos últimos anos mudanzas para adaptarse ás novas demandas da sociedade que require unha actuación máis áxil e segura das administracións.
A actividade da administración debe estar guiada polos principios de eficacia, eficiencia e transparencia na organización e xestión pública. A concreción destes principios debe levarse a termo a través dunha actuación que impulse a calidade na xestión, promovendo a mellora dos seus servizos, fixándose obxectivos concretos e tanxíbeis que permitan avanzar na simplificación entre administración e administrado, na axilización dos procedementos e na redución de gastos e cargas innecesarios."

Asinado dixitalmente por:

Francisco Xesús Jorquera Caselas na data 23/10/2013 18:21:27

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 23/10/2013 16:30
Nº Rexistro: 14225
Data envio: 23/10/2013 15:20:27.374

PARLAMENTO DE GALICIA

EMENDAS PRESENTADAS POLOS GRUPOS PARLAMENTARIOS ALTERNATIVA GALEGA DE ESQUERDA AO PROXECTO DE LEI DE RACIONALIZACIÓN DO SECTOR PÚBLICO AUTONÓMICO (NUM. EXPE. 09/PL-000013).

Emenda nº1, ao apartado 1, de Modificación. Artigo 1

Débese cambiar o apartado primeiro pola seguinte redación:
"Esta lei ten como obxecto desenvolver as capacidades do sector público galego para asegurar a axeitada provisión de bens públicos e a prestación de servizos públicos, que garantan o pleno e efectivo exercicio pola cidadanía galega dos seus dereitos económicos, sociais e culturais.

Emenda nº2, ao apartado 1, de Modificación. Artigo 2

O goberno galego elaborará de xeito periódico un plan de desenvolvemento e afortalamento do sector público galego tomando como referencia o principio de garantía dos dereitos económicos, sociais e culturais que ten a cidadanía galega.
O plan elevarase ao consello da Xunta para a súa aprobación e incorporará unha memoria económica que garanta o cumprimento efectivo deses dereitos por medio das políticas e servizos públicos correspondentes.

Emenda nº3, de Adición. Artigo 3

Débese engadir este novo apartado:
3.4.- "Supresión de fundacións e demais organismos autónomos innecesarios. A Xunta de Galicia procederá a suprimir de xeito inmediato os seguintes organismos, cuxas funcións voltarán ás consellarías correspondentes: Fundación da cidade da cultura de Galicia, Galaria empresa pública de servizos sanitarios, Galicia calidade S.A., fundación pública do centro de transfusión de Galicia, fundación instituto galego de oftalmoloxía, fundación da autonomía persoal e a

dependencia, sociedade anónima de xestión do plan xacobeo, S.A., Augas de Galicia e SOGAMA.

Emenda nº4, de Substitución. Artigo 4

Débese cambiar polo seguinte texto:

A consellaría competente para avaliar a reforma administrativa determinará, con coñecemento e participación das distintas consellarías e entidades e coa participación dos axentes sociais, os criterios e as medidas que fomenten a modernización administrativa, a simplificación dos trámites e simplificar os trámites e documentación esixibles, e promoverán o desenvolvemento da administración electrónica, todo elo achegando a administración á cidadanía, que é o suxeito de dereitos que a administración ten que asegurar.
a
A consellaría competente elaborará un catálogo de procedementos de interoperabilidade que os faga obrigatorios no seu ofrecemento por parte da administración pública nun prazo superior a un ano.

Emenda nº5, ao apartado 2 bis), de Adición. Artigo 8

Débese engadir o seguinte texto:
" Detectada a insuficiencia de medios para o cumprimento e realización das súas finalidades, se procederá a elaboración dunha memoria informativa que se elevará ao órgano da administración pública correspondente en orde a superar esa insuficiencia."

Emenda nº6, ao apartado 1 ter), de Substitución. Artigo 19

Débese engadir o seguinte texto: "e modernización administrativa"

Emenda nº7, ao apartado 2, de Substitución. Artigo 19

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 23/10/2013 16:30
Nº Rexistro: 14225
Data envio: 23/10/2013 15:20:27.374

Débese substituír o apartado segundo e incorporar no seu lugar este texto:
19.2.- " A contratación pública autonómica terá como os seus obxectivos os seguintes:
- achegar os bens e servizos públicos suficientes para garantir os dereitos económicos, sociais e culturais da nosa cidadanía.
- fomentar unha contratación social, sustentable e responsable.

Emenda nº8, ao apartado 2, de Supresión. Artigo 22

Débese suprimir a totalidade do apartado segundo.

Emenda nº10, ao apartado 1, de Supresión. Artigo 23

Débese suprimir o seguinte texto:
"sempre que isto sexa posible".
"O prazo para a recepción de ofertas será o que razoablemente sexa necesario para preparar aquelas, atendida a complexidade do contrato."

Emenda nº9, ao apartado título do artigo, de Supresión. Artigo 23

Débese suprimir o seguinte texto: "e que fomente a competencia".

Emenda nº11, ao apartado 3, de Substitución. Artigo 24

Débese substituír o texto seguinte: "fotocopias simples", por estoutro:

" por copias autenticadas ou os documentos auténticos".

Emenda nº12, ao apartado nuevo, de Supresión. Artigo 25

Débese incorporar un novo apartado co seguinte texto:

"Non poderán contratar co sector público galego toda empresa ou unión de empresas condenada por vulnerar os dereitos laborais das traballadoras e traballadores ou por teren sido condenadas penalmente por vulneración de dereitos fundamentais."

Emenda nº13, de Supresión. Artigo 26

Débese suprimir o conxunto do artigo.

Emenda nº14, de Supresión. Artigo 27

Débese suprimir o artigo.

Emenda nº15, ao apartado 3 ter), de Substitución. Artigo 29

Débese substituír o seguinte texto:"Deberase permitir expresamente no prego de cláusulas administrativas a posibilidade de subcontratación do obxecto do contrato, de acordo co previsto no artigo 227 do texto refundido da Lei de contratos do sector público", para no seu lugar incorporar o seguinte texto,

" Non se permitirá de xeito expreso no prego de cláusulas administrativas a posibilidade de subcontratación, de acordo o que autoriza o artigo 227 do texto refundido da Lei de contratos do sector público,"

Emenda nº16, ao apartado 4, de Supresión. Artigo 31

Débese suprimir o apartado catro do presente artigo.

Emenda nº17, de Supresión. Artigo 32

Débese suprimir o texto completo do artigo.

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 23/10/2013 16:30
Nº Rexistro: 14225
Data envio: 23/10/2013 15:20:27.374

Emenda nº18, ao apartado nuevo, de Adición. Artigo 36

Débese incorporar esta redacción:
"A administración galega disporá dun marco normativo estable e rigoroso, de supervisión e controis, que faga imposible a lacra da corrupción. Para coadxuvar a esa prevención da corrupción, a presente lei crea un órgano independente encargado de executar e coordinar as políticas e prácticas de prevención axeitadas, dotándoo dos medios materiais e humanos necesarios."

Emenda nº19, de Supresión. Artigo 38

Débese suprimir a totalidade do texto.

Emenda nº20, de Supresión. Artigo 39

Débese suprimir a totalidade do texto.

Emenda nº21, de Supresión. Artigo 40

Débese suprimir a totalidade do texto.

Emenda nº9, de Supresión. Artigo 41

Débese suprimir a totalidado do texto.

Emenda nº22, de Supresión. Artigo 42

Débese suprimir a totalidade do texto.

Emenda nº23, de Supresión. Artigo 43

Débese suprimir o artigo.

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 23/10/2013 16:30
Nº Rexistro: 14225
Data envio: 23/10/2013 15:20:27.374

PARLAMENTO DE GALICIA

Emenda nº24, de Supresión. Artigo 44

Débese suprimir o conxunto do artigo.

Emenda nº25, de Supresión. Artigo 45

Débese suprimir o artigo.

Emenda nº26, de Supresión. Disposición adicional primeira

Débese suprimir o texto.

Emenda nº27, de Supresión. Disposición adicional décima

Débese suprimir o texto.

Emenda nº28, de Supresión. Disposición adicional décimo primeira

Débese suprimir o texto.

Emenda nº29, ao apartado 1-2, de Supresión. Disposición adicional décimo segunda

Débense suprimir os apartados primeiro e segundo.

Emenda nº30, de Supresión. Disposición transitoria primeira

Débese suprimir o texto.

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 23/10/2013 16:30
Nº Rexistro: 14225
Data envio: 23/10/2013 15:20:27.374

Emenda nº31, de Supresión. Disposición transitoria segunda

Débese suprimir o texto da disposición.

Emenda nº32, de Supresión. Disposición transitoria terceira

Débese suprimir o texto.

Emenda nº33, de Substitución. Disposición transitoria cuarta

Débese substituír o texto por esta formulación:
Namentras non se adapte o decreto 246/2011, do 15 de decembro, polo que se desenvolve a Lei 13/2008, de servizos sociais de Galicia, no relativo aos órganos consultivos e de participación integraranse no Consello Galego de Benestar de xeito participado aos representantes das entidades sociais que traballan neste ámbito.

Emenda nº34, de Supresión. Disposición derrogatoria única

Débese suprimir o artigo.

Emenda nº35, de Supresión. Disposición derradeira segunda

Débese suprimir a disposición.

Emenda nº36, de Supresión. Disposición derradeira terceira

Débese suprimir o texto.

Emenda nº37, de Substitución. Disposición derradeira cuarta

Débese substituír o redactado do parágrafo segundo da disposición adicional segunda da lei 8/2009, do 22 de decembro, que quedaría como segue:

" A comisión de seguimento e control estará integrada por seis membros a escoller entre as asociacións de consumidores, as comunidades de montes, as organizacións ecoloxistas e o sindicalismo de clase e funcionará en Pleno e por seccións.

Emenda nº38, de Supresión. Disposición derradeira quinta

Débese suprimir o texto.

Emenda nº39, ao apartado 1, de Supresión. Disposición derradeira sexta

Débese suprimir o punto primeiro do texto.

Emenda nº40, de Supresión. Disposición derradeira oitava

Débse suprimir o texto.

Emenda nº41, de Supresión. Disposición derradeira décimo primeira

Débese suprimir o texto.

Emenda nº42, de Substitución. Exposición de motivos

Débese pór o seguinte texto:
"A administración galega e a constelación de entidades que a conforman cumpren unha función central na provisión de bens e servizos públicos para a nosa cidadanía, xerando as condicións materiais efectivas para o exercicio e disfrute dos dereitos económicos, sociais e culturais polo noso pobo.
Esta ferramenta pública precisa dun substancial fornecemento para atender as necesidades da vida social do país e en particular da necesaria modernización administrativa que sirva efectivamente para racionalizar a administración, isto é, para

organizar o seu funcionamento de xeito que sexa máis produtivo e máis eficaz.

A cidadanía galega necesita máis e mellor sector público que calquer outro a priori ideolóxico que ao abeiro da coartada da crise e empregando unha linguaxe orwelliana provocara o debilitamento e recorte do sector público. Este ten que cumprir un papel protagonista en conquerir sacar o país da crise provocada polas políticas neoliberais.

Atendendo o marco competencial que define o noso autogoberno, por medio dos artigos 27.1 e 28.1 do Estatuto de Autonomía, esta lei confórmase con catro titulos, máis un preliminar, que tentan acadar un sector público quen de xogar un papel sobranceiro na satisfacción das necesidades da nosa cidadanía en forma de bens e servizos públicos.

O título preliminar marca a vontade de integrar nunha administración forte e capaz un sector público que, dividido en múltiples organismos servía como cabalo de Troia da privatización e do recorte do público, do social, en resumo, da solidariedade e a igualdade. Acórdase neste título preliminar a supresión dunha relación de entidades que serviron para privatizar e deteriorar a prestación de servizos públicos.

No título primeiro regulaméntanse tanto os instrumentos e procedementos de colaboración así como o principio de autoprovisión, e acorda o mecanismo de diagnose das insuficiencias de medios que ten o sector público galego para poder superar deste xeito as eivas de medios para cumprir e realizar as funcións encomendadas por lei ao conxunto do sector público do país.

O título II tenta afirmar a loita contra a corrupción ao socaire dos contratos que se asinan pola administración pública; corrupción que constitúe un inimigo declarado da democracia e dos dereitos da cidadanía e para a que se acorda a creación dun órgano independente para a súa prevención. Abondando nese eido, a lei achega medidas para facer máis garantista a contratación. A lei non vai permitir as cadeas de subcontratación que tanto danan a calidade dos bens e servizos públicos canto empeoran as condicións laborais das persoas que os proveen.No eido da contratación tamén se aposta pola contratación sustentable, social e responsable.

O apartado terceiro avoga por acadar a modernización administrativa así como fai efectiva a constitución dun órgano independente de prevención contra a corrupción.

O conxunto de medidas contidas na lei supoñen un primeiro chanzo no cambio de rumbo necesario para fornecer o sector público e desta maneira mellorar a prestación de bens e servizos públicos

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 23/10/2013 16:30
Nº Rexistro: 14225
Data envio: 23/10/2013 15:20:27.374

Asinado dixitalmente por:

Yolanda Díaz Pérez na data 23/10/2013 15:20:09

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 23/10/2013 17:59
Nº Rexistro: 14245
Data envio: 23/10/2013 17:59:04.917

PARLAMENTO DE GALICIA

EMENDAS PRESENTADAS POLO GRUPO PARLAMENTARIO SOCIALISTAS DE GALICIA AO PROXECTO DE LEI DE RACIONALIZACIÓN DO SECTOR PÚBLICO AUTONÓMICO (NUM. EXPE. 09/PL-000013).

Emenda nº1, ao apartado 1, de Modificación. Artigo 1

O contido do punto 1 deste artigo, debe ser substituído polo seguinte texto:

"1. Esta lei ten por obxecto a regulación dunha serie de medidas que abranguen diferentes sectores da Administración pública autonómica co fin de reorganizalos e reestruturalos, así como restablecer as súas competencias."

Emenda nº2, ao apartado 1, de Modificación. Artigo 2

Próponse unha nova redacción para o punto 1 deste artigo, que terá o seguinte contido:

"1. O sector público autonómico de Galicia terá a estrutura e dimensión necesarias para o exercicio das competencias asignadas á Comunidade Autónoma, con pleno respecto ás competencias estatutarias, e á normativa vixente."

Emenda nº3, ao apartado 2, de Modificación. Artigo 2

Na segunda liña do punto 2 deste artigo, onde di: "... peridodicamente ...", debe dicir: "... polo menos cada tres anos ..."

Emenda nº4, ao apartado 3, de Adición. Artigo 2

Débese engadir *in fine* do punto 3, o seguinte: "... , dando conta ao Parlamento de Galicia e remitindo anualmente un informe do seu seguimento."

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 23/10/2013 17:59
Nº Rexistro: 14245
Data envio: 23/10/2013 17:59:04.917

Emenda nº5, ao apartado 3 bis), de Adición. Artigo 2

Débese engadir un novo punto 3 bis) que terá o seguinte contido:

"3 bis. A reestruturación levada a cabo a través desta lei en ningún caso implicará a redución de servizos públicos."

Emenda nº6, ao apartado 3 bis), de Adición. Artigo 3

Débese engadir un novo punto 3 bis), que terá o seguinte contido:

"3 bis). Na creación de entidades públicas instrumentais onde se integre persoal do sector público autonómico, garantiranse as condicións laborais existentes."

Emenda nº7, de Modificación. Artigo 4

O artigo catro, quedará redactado do seguinte xeito:

"Artigo 4. A Xunta de Galicia implantará medidas de acceso á información e á participación da cidadanía a través da Administración electrónica, fomentará o uso das novas tecnoloxías para a simplificación de trámites, sen merma de garantías para o conxunto dos cidadáns e cidadás, e instituirá a interoperabilidade entre as diferentes áreas da Administración, co obxecto de eliminar a fenda dixitar e facilitar o uso dos medios telemáticos."

Emenda nº8, ao apartado 1, de Modificación. Artigo 7

No punto 1 deste artigo, onde di: "... cooperación, colaboración e asistencia recíprocas ...", ata: "... recursos públicos.", débese substituír polo seguinte: "... xerarquía, eficacia e coordinación, co fin de garantir o uso eficiente dos recursos públicos."

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 23/10/2013 17:59
Nº Rexistro: 14245
Data envio: 23/10/2013 17:59:04.917

Emenda nº9, de Modificación. Artigo 8

Os puntos 1, 2, 3 e 4 deste artigo quedarán redactados como segue:

"1. A Administración xeral da Comunidade Autónoma e as entidades instrumentais do sector público servirán ao servizo público e aos intereses xerais cos medios persoais e materiais dos que dispoña o sector público autonómico ou, no caso, daqueles que teñen que dotarse a través da oferta pública de emprego farano sobre a base dos principios de igualdade, mérito e capacidade.

2. As fórmulas de colaboración e coordinación serán principios xerais do funcionamento da administración. Poderán establecerse protocolos de coordinación co fin de mellorar o funcionamento da Administración pública, con pleno respecto ao marco competencial vixente."

3.- Só se poderá acudir extraordinariamente á contratación externa para tarefas non esenciais dos servizos públicos, non permanentes e alleas ao funcionamento normal da Adminsitración pública, cando non poidan ser prestadas a través dos empregados públicos. Nestes supostos extraordinarios informarase previamente no Parlamento de Galicia, e someterase a negociación coa representación do persoal público.

4.- Cara a determinar que servizos poden estar incluídos na excepcionalidade do punto 3, a Xunta presentará o Parlamento para a súa aprobación, un catálogo de servizos susceptibles de incardinarse neses supostos."

Emenda nº10, ao apartado 3, de Adición. Artigo 9

No punto 3 deste artigo débese engadir *in fine* o seguinte texto: "..., e publicados no Diario Oficial de Galicia."

Emenda nº11, de Supresión. Artigo 10

Debe ser suprimido.

Emenda nº12, de Modificación. Artigo 10

No titulo deste artigo, onde di: "... dos principios ...", debe dicir: "... das funcións ..."

Emenda nº13, de Modificación. Artigo 10

Débese substituír ab initio, a expresión: "Os principios ...", pola seguinte: "... As funcións ..."

Emenda nº14, de Supresión. Artigo 17

Na letra a) do punto 1, deste artigo débese suprimir a expresión: "... a través de órganos intermedios ..."

Emenda nº15, de Adición. Artigo 18

No punto 1 deste artigo, débese engadir *in fine* o seguinte: "..., ou cando incumpra o establecido na lei."

Emenda nº16, de Modificación. Artigo 20

Os puntos 1, 2 e 3 deste artigo quedarán redactados do seguinte xeito:

"1. A contratación administrativa producirase con suxeición aos principios de legalidade, calidade do servizo público, concorrencia, publicidade, igualdade de trato, transparencia e racionalización do gasto público."

2.- Poderá establecerse contratación centralizada cando así o aconselle a calidade do servizo público, o aforro de custes e a eficacia do proceso sempre e cando non exista merma das garantías de transparencia do proceso, nin amortización de postos de emprego público.

3. O catálogo de servizos que puideran ser obxecto de contratación centralizada será, no seu caso, elaborado pola Xunta de Galicia, previo debate no Parlamento galego."

Emenda nº17, ao apartado 2 bis), de Adición. Artigo 21

Débese engadir un novo punto 2 bis) que terá o seguinte contido:

"2 bis). A Xunta de Galicia no prazo máximo de catro meses procederá a aprobar unha regulación especifica do "perfil do contratante".

Emenda nº18, de Adición. Artigo 22

Débese engadir *ab initio*, como novo punto neste artigo o seguinte texto:

"Todo o proceso de contratación dende o iter inicial ata a súa conclusión serán accesibles á información cidadán a través da páxina web da Xunta de Galicia, e do organismo oportuno."

Emenda nº19, ao apartado 1, de Modificación. Artigo 23

No punto 1 deste artigo, onde di: "... deberán invitar ...", debe dicir: "... deberán contar ..."

Emenda nº20, ao apartado 1, de Adición. Artigo 23

Débese engadir *in fine* no punto 1 o seguinte texto:

"... , e facer pública a información do proceso na páxina *web* do "perfil do contratante"."

Emenda nº21, ao apartado 3, de Adición. Artigo 23

No punto 3 deste artigo, débese engadir, logo de: "... Comisión Galega da Competencia,..." a expresión: "... e o Consello de Contas de Galicia ..."

Emenda nº22, ao apartado 3 bis), de Adición. Artigo 23

Débese engadir un novo punto 3 bis) que terá o seguinte contido:

"3 bis). Todo procedemento aberto da Administración autonómica ou de calquera dos entes que compoñen o sector público autonómico será publicado como mínimo no Diario Oficial de Galicia."

Emenda nº23, de Adición. Artigo 25

No título deste artigo, despois de: "Contratación pública ...", débese engadir a seguinte palabra: "..., ética, ..."

Emenda nº24, ao apartado 3, de Adición. Artigo 26

Débese engadir un novo punto 3 bis), que terá o seguinte contido:

"3 bis) A Xunta de Galicia fomentará ao máximo criterios sociais nas contratacións que realice, potenciando a xeración de emprego das persoas con discapacidade."

Emenda nº25, ao apartado 1, de Adición. Artigo 29

No punto 1, deste artigo débese engadir in fine, o seguinte texto: "... con suxeición aos principios de legalidade, transparencia e publicidade."

Emenda nº26, ao apartado 2, de Adición. Artigo 32

Débese engadir un novo punto 2 bis) que terá o seguinte contido:

"2 bis). Os contratos contemplados neste artigo non serán en ningún caso de aplicación para a realización de infraestruturas nos servizos sociais básicos, tales como educativos, sanitarios ou de benestar social."

Emenda nº27, de Modificación. Artigo 36

O contido deste artigo débese substituír polo seguinte:

"Artigo 36. A Comunidade Autónoma de Galicia procurará, dentro do seu ámbito competencial e con suxeición aos principios constitucionais e estatutarios vixentes, elaborar normativas que favorezan a simplicidade dos procesos administrativos, a seguridade xurídica, a transparencia e a participación cidadán.

A Xunta de Galicia informará cumpridamente nos seus portais *web* da normativa vixente."

Emenda nº28, de Adición. Artigo 37

Débese engadir un novo artigo 37 ter), que terá o seguinte contido:

Modifícase o artigo 11 da Lei 9/1995, do 10 de novembro, do Consello Consultivo de Galicia para engadirlle unha nova letra b bis), co seguinte contido:

"b bis). Anteproxectos de lei elaborados pola Xunta de Galicia a excepción dos anteproxectos de lei orzamentarios."

Emenda nº29, de Adición. Artigo 37

Débese engadir un novo artigo 37 bis), que terá o seguinte contido:

"Artigo 37 bis). Mellora da calidade normativa en relación ao Parlamento de Galicia

1. A Xunta de Galicia remitirá conxuntamente cos proxectos de lei presentados no Parlamento, toda a información ou documentación complementaria solicitada pola institución parlamentaria, nun prazo non superior a quince días, e no caso de non a enviaren manifestará por escrito as razóns fundadas en dereito que o impidan.

2. Igualmente a Xunta de Galicia deberá facilitar a presenza de altos cargos ou outro persoal ao servizo das súas consellarías, na Comisión parlamentaria correspondente, previa solicitude do Goberno ou por petición do Parlamento de Galicia, para proporcionar a información que a institución considere necesaria en relación cos proxectos de lei remitidos polo Goberno. Estas comparecencias serán, en todo caso, anteriores á presentación de emendas por parte dos grupos parlamentarios."

Emenda nº30, de Supresión. Artigo 38

Debe ser suprimido.

Emenda nº31, de Supresión. Artigo 39

Debe ser suprimido.

Emenda nº32, de Supresión. Artigo 40

PENDENTE

Emenda nº33, de Supresión. Artigo 42

Debe ser suprimido.

Emenda nº34, ao apartado 3 bis), de Adición. Artigo 44

Débese engadir un novo punto 3 bis) que terá o seguinte contido:

"3 bis). A prestación dos servizos desta axencia continuarán sendo gratuitos para a cidadanía."

Emenda nº35, de Supresión. Disposición adicional primeira

Debe ser suprimido o punto 1.

Emenda nº36, de Adición. Disposición adicional quinta

Débese engadir un novo parágrafo que terá o seguinte contido:

"A tal efecto a Xunta de Galicia fomentará axudas dirixidas ás corporacións locais."

Emenda nº37, de Supresión. Disposición adicional décima

O segundo parágrafo do punto 2, desta disposición, debe ser suprimido.

Emenda nº38, ao apartado 3, de Modificación. Disposición adicional décima

Dende a expresión: "... no Decreto 99/2012, do 16 de marzo ...", ata o final deste punto, débese substituír polo seguinte texto: "... na Lei 13/2008, do 3 de decembro en especial garantindo o establecido nos artigos 53.2 e 56.5."

Emenda nº39, de Supresión. Disposición adicional décimo segunda

Debe ser suprimida.

Emenda nº40, de Adición. Disposición adicional décimo segunda

Débese engadir unha nova disposición adicional décimo segunda bis), que terá o seguinte contido:

"Disposición adicional décimo segunda bis). A Xunta de Galicia no período máximo de 6 meses presentará un proxecto de lei que contemple a fusión das catro xestures provinciais nunha única sociedade Xestur Galicia."

Emenda nº41, de Adición. Disposición adicional décimo segunda

Débese engadir unha nova disposición adicional décimo segunda ter), que terá o seguinte contido:

"Disposición adicional décimo segunda ter). A Xunta de Galicia, nun período máximo de 6 meses, presentará un proxecto de lei que contemple a integración no Igape das sociedades Xes Galicia, S.A e Sodiga Galicia."

Emenda nº42, de Modificación. Disposición transitoria cuarta

Na letra b) desta disposición *ab initio*, onde di: "Dous ...", debe dicir: "Catro ..."

Emenda nº43, de Modificación. Disposición transitoria cuarta

Na letra c) do punto 1 desta disposición, *ab initio*, onde di: "Unha ...", debe dicir: "Dúas ..."

Emenda nº44, de Supresión. Disposición derrogatoria única

Debe suprimirse no punto 1, desta disposición a seguinte liña:

"- Os artigos 38 e 43 da Lei 9/1988, do 19 de xullo, de estatística de Galicia."

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 23/10/2013 17:59
Nº Rexistro: 14245
Data envio: 23/10/2013 17:59:04.917

PARLAMENTO DE GALICIA

Emenda nº45, ao apartado 3, de Supresión. Disposición derradeira primeira

No punto 3 desta disposición débese suprimir no primeiro parágrafo, o seguinte texto: "... de acordo co que se estableza no Regulamento da Cámara."

Emenda nº46, ao apartado 5, de Adición. Disposición derradeira primeira

No punto 5 desta diposición, despois de "... membros da Xunta de Galicia, ...", débese engadir o seguinte: "... e altos cargos da Administración autonómica, ..."

Emenda nº47, ao apartado 5, de Supresión. Disposición derradeira primeira

No punto 5 desta disposición débese suprimir *in fine*, o seguinte texto: "... nos termos que mediante acordo do consello da Xunta se determinen."

Emenda nº48, de Supresión. Disposición derradeira sexta

Debe ser suprimida

Emenda nº49, de Supresión. Disposición derradeira sétima

Debe ser suprimida.

Emenda nº50, de Supresión. Disposición derradeira oitava

Onde di: "... letras c), d) e h), ...", debe suprimirse a letra: "... h) ..."

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 23/10/2013 17:59
Nº Rexistro: 14245
Data envio: 23/10/2013 17:59:04.917

Emenda nº51, de Supresión. Disposición derradeira décimo primeira

Debe ser suprimida.

Emenda nº52, de Adición. Disposición derradeira decimo segunda

Na primeira liña do primeiro parágrafo, despois de: "... Xunta de Galicia ...", débese engadir o seguinte: "... de acordo cos artigos 145 e 146 do Regulamento do Parlamento de Galicia, ..."

Emenda nº53, de Adición. Disposición derradeira decimo segunda

No primeiro parágrafo, despois da expresión: "... e igualdade...", débese engadir: "... ; igualdade e solo."

Emenda nº54, de Modificación. Exposición de motivos

Proponse unha nova redacción para o parágrafo once, que empeza por: "Por último, o título IV ...", que terá o seguinte contido:

"Por último o título IV contempla previsións de sistematización e reordenación do sector público autonómico, mediante a refundición nun só ente do Instituto Galego de Consumo e do Consello Galego da Competencia, que dá lugar ao Instituto Galego do Consumo e da Competencia."

Emenda nº55, de Modificación. Exposición de motivos

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 23/10/2013 17:59
Nº Rexistro: 14245
Data envio: 23/10/2013 17:59:04.917

No primeiro parágrafo da exposición de motivos, onde di: "... son principios básicos que guían a ...", debe dicir: "... son principios básicos que pretenden guiar a ...."

Emenda nº56, de Supresión. Exposición de motivos

Deben ser suprimidos o primeiro e segundo parágrafo.

Comprende dende: "En aplicación destes principios .....", ata: "...conforme o artigo 149.1.18 CE."

Asinado dixitalmente por:

José Luís Méndez Romeu na data 23/10/2013 17:58:18

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 24/10/2013 09:30
Nº Rexistro: 14251
Data envio: 23/10/2013 18:56:13.349

Grupo Parlamentario

Partido dos Socialistas de Galicia

Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentario Socialista**, a través do seu portavoz, solicita a esa Mesa se proceda a realizar unha **corrección de erros** advertida no documento con número de Rexistro 14245, correspondente ás emendas ao articulado ao Proxecto de lei de racionalización do sector público autonómico, rógase se teña en conta que os erros foron causados por un fallo á hora de gardar as modificacións no documento.

- Primeiro erro na emenda nº 32, ao artigo 40 onde di: Supresión. Pendente. Debe dicir:

  Emenda nº 32, de adición. Artigo 40.

Débese engadir un novo punto 2 bis), que terá o seguinte contido:

"2 bis). A Xunta de Galicia presentará no prazo de 3 meses ante o Parlamento de Galicia, un informe ao respecto da posibilidade de integrar neste instituto, competencias que dependen actualmente da consellaría competente en materia de Economía e Industria."

- Segundo erro na emenda nº 33, de supresión. Artigo 42

  Esta emenda hai que eliminala. Non se emenda este artigo.

  Pazo do Parlamento, 23 de outubro de 2013

Asinado dixitalmente por:

José Luís Méndez Romeu na data 23/10/2013 18:55:28

Rúa do Hórreo, s/n Parlamento de Galicia. Tfno: 981 551 530 – Fax: 981 551 418 · 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA gp-socialista@parlamentodegalicia.es

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 23/10/2013 18:19
Nº Rexistro: 14247
Data envio: 23/10/2013 18:19:56.840

PARLAMENTO DE GALICIA

EMENDAS PRESENTADAS POLO GRUPO PARLAMENTARIO POPULAR DE GALICIA AO PROXECTO DE LEI DE RACIONALIZACIÓN DO SECTOR PÚBLICO AUTONÓMICO (NUM. EXPE. 09/PL-000013).

Emenda nº1, de Substitución. Artigo 24

Débese susbtituir o texto do artigo 24, polo que segue a continuación:

"Artigo 24. Contratación documentalmente simplificada
1. Nos procedementos non suxeitos a regulación harmonizada que celebren a Administración xeral da Comunidade Autónoma e as entidades do sector público autonómico a achega inicial da documentación acreditativa do cumprimento dos requisitos previos para contratar prevista no artigo 146.1 do Texto Refundido da lei de Contratos do Sector Público, aprobado por Real Decreto Lexislativo 3/2011, de 14 de novembro, substituirase por unha declaración responsable do licitador indicando que cumpre as condicións establecidas legalmente para contratar coa Administración. Non obstante, sempre que a normativa básica estatal o permita, naqueles supostos en que por razón do obxecto do contrato, das necesidades a satisfacer e/ou do procedemento de adxudicación se estime conveniente, o órgano de contratación poderá establecer no prego qué documentación non pode ser substituída por unha declaración responsable e debe incluírse necesariamente coa proposición no procedemento aberto e coas solicitudes de participación nos procedementos restrinxido e negociado e no diálogo competitivo. Esta circunstancia xustificarase oportunamente no expediente.
Co obxecto de facilitar aos licitadores a identificación daqueles procedementos en que se substitúe a achega da documentación inicial por unha declaración responsable, incluirase na rúbrica dos pregos, nos anuncios de licitación e na identificación do contrato no perfil do contratante a expresión “documentalmente simplificado” ou ben “contratación documentalmente simplificada”.
2. A mesa de contratación ou o órgano de contratación naqueles procedementos nos que esta non se constitúa cualificará a documentación acreditativa das condicións esixidas para contratar coa Administración. Esta documentación deberá achegarse polo licitador a cuxo favor

recaia a proposta de adxudicación no prazo de dez días hábiles nos termos previstos no artigo 151.2 do Texto Refundido da lei de Contratos do Sector Público. De non cumprirse axeitadamente esta obriga entenderase que o licitador ten retirado a oferta, procedéndose nese caso a recadar a documentación do licitador seguinte segundo a orde en que quedaran clasificadas as ofertas.
O disposto no parágrafo anterior enténdese sen prexuízo da facultade recoñecida ao órgano de contratación no segundo parágrafo do apartado 4 artigo 146 do Texto Refundido da Lei de Contratos do Sector Público.
3. O incumprimento ou a cumprimentación defectuosa da obriga de acreditar o cumprimento dos requisitos previos para contratar determinará no seu caso a concorrencia de prohibición de contratar nos termos previstos no artigo 60 do Texto Refundido da lei de Contratos do Sector Público."

Emenda nº2, de Substitución. CAPÍTULO IV

Débese substituir o título do Capítulo IV, polo que segue a continuación:

"CAPÍTULO IV. Axencia Galega de Sangue, Órganos e Tecidos"

Emenda nº3, ao apartado 1, de Modificación. Artigo 44

Débese modificar o texto do apartado 1 do artigo 44, no seguinte senso:

Onde di: "Mediante esta lei autorízase a creación da Axencia Galega de Sangue e Tecidos como..."
Debe dicir: "Mediante a presente lei autorízase a creación da Axencia Galega de Sangue, Órganos e Tecidos..."

Emenda nº4, ao apartado 2, de Modificación. Artigo 44

Débese modificar o texto do apartado 2 do artigo 44, no seguinte senso:

Onde di: "...fins, a Axencia Galega de Sangue e Tecidos procurará..."
Debe dicir: "...fins, a Axencia Galega de Sangue, Órganos e Tecidos procurará..."

Emenda nº5, ao apartado 4, de Modificación. Disposición adicional primeira

Débese modificar o texto do apartado 4 da Disposición adicional primeira, no seguinte senso:

Onde di: "... realizadas á Axencia Galega de Sangue e Tecidos desde..."
Debe dicir: "... realizadas á Axencia Galega de Sangue, Órganos e Tecidos desde..."

Emenda nº6, ao apartado 1, de Substitución. Disposición adicional décimo segunda

Débese substituir o apartado 1 da Disposición adicional décimo segunda, polo que segue a continuación:
1. Co fin de mellorar as condicións de accesibilidade das persoas usuarias á rede de transporte público, ademais das formas de cooperación previstas na Lei 6/1996, do 9 de xullo, de coordinación dos servizos de transporte urbanos e interurbanos de viaxeiros por estrada, a Xunta de Galicia, a través da consellería competente en materia de mobilidade e transportes, poderá:
a) Formalizar convenios de colaboración con outras administracións públicas galegas mediante os que se establecerán actuacións de coordinación de servizos de transporte público das súas respectivas competencias, incluíndo a habilitación da extensión dos servizos interurbanos ao transporte urbano ou viceversa.
b) Igualmente, poderá elaborar e, logo de oír aos concellos interesados, aprobar plans de accesibilidade do transporte interurbano ao centro urbano, no que se concretarán as novas rutas e se fixarán novos puntos de parada e interconexión das redes urbana e interurbana de transporte público.
As empresas contratistas dos servizos de transporte público afectados polos correspondentes convenios ou plans de accesibilidade, serán oídas con carácter previo á súa formalización.

A coordinación destas redes constituirá causa de interese público para o efecto de modificación dos correspondentes contratos de servizo de transporte público que poidan resultar afectados, sobre os cales aqueles convenios e plans de accesibilidade, logo da súa aprobación, resultarán de directa e inmediata aplicación."

Emenda nº7, ao apartado 4, de Modificación. Disposición transitoria primeira

Débese modificar o texto do apartado 4 da Disposición transitoria primeira, no seguinte senso:

Onde di: "...creación da Axencia Galega de Sangue e Tecidos continuarán..."
Debe dicir: "...creación da Axencia Galega de Sangue, Órganos e Tecidos continuarán..."

Emenda nº8, de Adición. Disposición derradeira décimo primeira

Débese engadir unha nova Disposición derradeira décimo primeira bis, co seguinte texto:

"Disposición Derradeira Décimo Primeira bis.- Modificación da Lei 3/2007, do 9 de abril, de incendios forestais de Galicia
Engádese un novo artigo 55 bis na Lei 3/2007, do 9 de abril, de incendios forestais de Galicia, que queda redactado como segue:
"Artigo 55 bis. Procedemento sancionador especial para determinadas infraccións en materia de incendios forestais
1. Non obstante o disposto no artigo 54.1 en canto á incoación do procedemento sancionador, as denuncias formuladas polos axentes forestais, axentes facultativos medioambientais e polos membros da Unidade do CNP adscrita á Comunidade Autónoma de Galicia, así como polo resto dos membros dos corpos e forzas de seguridade no exercicio das súas funcións, sempre que sexan notificadas no acto ao denunciado, constituirán o acordo de inicio do procedemento sancionador no caso da comisión das seguintes infraccións:
a) O emprego de maquinaria e equipamento incumprindo as condicións establecidas no artigo 39, cando o índice de risco

diario de incendio forestal sexa extremo, contida no artigo 50.2.8 en relación co artigo 51.1.b).
b) A realización en época de perigo alto de incendios forestais de queimas sen autorización reguladas nos artigos 34.2 e 35 en relación co artigo 51.1.c).
c) O emprego de maquinaria e equipamento incumprindo as condicións establecidas no artigo 39, cando o índice de risco diario de incendio forestal sexa moi alto, contida no artigo 50.2.8 en relación co artigo 51.2.b).
d) O depósito de produtos forestais e produtos inflamables en condicións distintas das previstas no artigo 24 bis desta Lei, de conformidade co disposto no artigo 50.2.7 en relación co artigo 51.2.d).
e) O tránsito ou a permanencia en camiños ou zonas forestais onde exista prohibición expresa en tal sentido cando o índice de risco diario de incendio forestal sexa moi alto ou extremo, consonte co disposto no artigo 67.k da Lei 43/2003, do 21 de novembro, de Montes, en relación cos artigos 31 e 51.2.h) desta lei.
f) No suposto das seguintes condutas sempre que sexan constitutivas de infracción leve:
- O emprego de maquinaria e equipamento incumprindo as condicións establecidas no artigo 39, cando o índice de risco diario de incendio forestal sexa baixo, moderado, ou alto, consonte co disposto no artigo 50.2.8 en relación co artigo 51.3.a) desta lei.
- A realización en época de perigo medio ou baixo de incendios forestais de queimas sen autorización reguladas nos artigos 34.2 e 35 en relación co artigo 51.3.a) desta lei.
- O tránsito ou a permanencia en camiños ou zonas forestais onde exista prohibición expresa en tal sentido cando o índice de risco diario de incendio forestal sexa baixo, moderado ou alto, consonte co disposto no artigo 67.k da Lei 43/2003, do 21 de novembro, de Montes, en relación cos artigos 31 e 51.3.a) desta lei.
- Acampadas fora das zonas delimitadas a tal fin.
2. Nestas denuncias deberá constar:
a) A identificación da persoa ou persoas presuntamente responsables.
b) O domicilio que, no seu caso, indique o interesado a efectos de notificacións.
c) Unha descrición sucinta dos feitos que motivan a incoación do procedemento, con expresión do lugar, data e hora, así como da súa cualificación.
d) A sanción que puidera corresponder así como a obriga de reparar os danos e prexuízos ocasionados ou no seu defecto de indemnizalos nos termos previstos na Lei 43/2003, do 21 de

novembro, de Montes , sen prexuízo do que resulte da instrución.

e) O numero de identificación profesional do Axente da Autoridade.

f) A unidade instrutora do procedemento e o réxime de recusación aplicable.

g) O órgano competente para impoñer a sanción consonte co disposto nesta lei.

h) Indicación de que a dita denuncia inicia o procedemento sancionador e de que o seu destinatario dispón dun prazo de vinte días para formular as alegacións e/ou propoñer as probas que xulgue convenientes. No caso de infracción leve indicarase así mesmo ao denunciado a posibilidade de aboar a multa no prazo de vinte días cunha redución do 50% da súa contía, o que determinará a conclusión do procedemento sancionador.

i) As medidas de carácter provisional que se adopten polo axente denunciante, sen prexuízo das que se poidan adoptar durante a tramitación do procedemento sancionador.

3. No prazo máximo de 7 días, a contar desde o seguinte ao acordo de inicio do procedemento, a persoa titular da xefatura territorial da consellería con atribucións en materia de incendios forestais que corresponda por razón do territorio no que se cometeu a infracción designará á persoa física que asumirá a instrución do procedemento e resolverá sobre o mantemento, modificación ou levantamento das medidas provisionais adoptadas polo axente na denuncia. Do dito acordo darase traslado ao denunciado aos efectos da posibilidade de interpoñer recurso de alzada respecto da decisión adoptada sobre as medidas provisionais así como, no seu caso, aos efectos da recusación respecto da designación do instrutor.

4. No suposto das infraccións leves indicadas na letra f do primeiro apartado, transcorrido o prazo de vinte días sen que o denunciado formulara alegacións e/ou propoñera proba, ou sen que realizara o pago voluntario da sanción, a denuncia considerarase proposta de resolución. Da mesma darase traslado ao órgano competente para resolver, quen ditará resolución no prazo de tres días desde a recepción da proposta de resolución e do resto da documentación.

O procedemento deberá resolverse no prazo máximo de dous meses a contar desde o día seguinte ao da denuncia do axente.

5. Nos demais casos, recibidas as alegacións e propostas de proba ou transcorrido o prazo de vinte días concedido ao efecto, o órgano instrutor poderá acordar a práctica de proba, podendo solicitar neste momento os informes precisos para a gradación da sanción de acordo cos criterios indicados no artigo 52 desta lei.

Finalizada, no seu caso, a proba, o instrutor formulará proposta de resolución na que se concretarán os feitos probados, a súa cualificación xurídica, a infracción que aqueles constitúan e a persoa ou persoas responsables e se proporá a sanción que deba impoñerse coas sancións accesorias que no seu caso procedan. Na proposta de resolución incluirase así mesmo a forma e condicións en que o infractor debe reparar o dano causado coa determinación da contía da indemnización que no seu caso proceda aboar ao abeiro do previsto no artigo 134 da lei 7/2012, do 28 de xuño, de Montes de Galicia.

A proposta de resolución notificarase aos interesados, concedéndolles un prazo de 15 días para formular alegacións e presentar os documentos que estimen pertinentes. Transcorrido o dito prazo o órgano instrutor remitirá a proposta de resolución con todos os documentos, alegacións e informacións que obren no expediente ao órgano competente para resolver o procedemento.

O órgano competente para resolver, sen prexuízo da facultade de acordar a práctica de actuacións complementarias prevista no RD 1398/1993, do 4 de agosto, polo que se aproba o regulamento do procedemento para o exercicio da potestade sancionadora, ditará resolución no prazo de dez días desde a recepción da proposta de resolución e do resto da documentación.

6. O prazo máximo para resolver e notificar a resolución expresa que poña fin ao procedemento será de seis meses contados desde a data da denuncia.

7. As denuncias que non puidesen ser notificadas no momento da denuncia á persoa denunciada, remitiranse no prazo máximo de sete días á a persoa titular da xefatura territorial da consellería con atribucións en materia de incendios forestais que corresponda por razón do territorio no que se cometeu a infracción para a súa tramitación ordinaria.

En todo caso, o prazo máximo para resolver e notificar a resolución expresa que poña fin ao procedemento sancionador que se siga por calquera das infraccións descritas no apartado un deste artigo será de seis meses contados desde a data do acordo de incoación".

Asinado dixitalmente por:

Pedro Puy Fraga na data 23/10/2013 18:19:47

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 07/10/2013 16:43
Nº Rexistro: 13577
Data envio: 07/10/2013 16:43:28.532

PARLAMENTO DE GALICIA

EMENDAS PRESENTADAS POLO GRUPO PARLAMENTARIO POPULAR DE GALICIA AO PROXECTO DE LEI DO EMPRENDEMENTO E DA COMPETITIVIDADE ECONÓMICA DE GALICIA (NUM. EXPE. 09/PL-000012).

Emenda nº1, ao apartado k), de Adición. Artigo 6

Débese engadir dentro do artigo 6 un novo apartado k) co seguinte texto:
"k) No desenvolvemento da capacidade e responsabilidade normativa, cando se creen novas cargas administrativas para as empresas, asegurase de eliminar polo menos unha carga existente de custe equivalente."

Emenda nº2, de Substitución. Artigo 7

Débese substituìr a redacción do artigo 7 polo que segue a continuación:
"Artigo 7. Puntos de Atención ao Emprendedor.
1. A Administración xeral da Comunidade Autónoma de Galicia elaborará as propostas necesarias para unha progresiva redución de cargas administrativas soportadas polas empresas, incidindo principalmente na eliminación de trámites innecesarios e na presentación de documentos prescindibles co obxectivo de que a constitución de novas empresas en Galicia se poida realizar en menos de 24 horas.
2. Potenciarase a Administración electrónica e a análise de xestións, permisos e licenzas necesarios para axilizar toda a tramitación administrativa que comporta o proceso de creación de empresas.
3. Os Puntos de Atención ao Emprendedor (PAE) que desenvolvan a súa actividade en Galicia, regularanse pola normativa estatal correspondente, e terán, entre outras, as seguintes funcións:
a) Recibir as solicitudes de constitución de empresas, as comunicacións previas e as declaracións responsables, e tramitar as altas provisionais de empresas.

b) Realizar as funcións de información e orientación que regulamentariamente se determinen.
c) Incentivar a celebración de convenios de colaboración ou participar naqueles que concerte a Administración do Estado cos Rexistros da Propiedade, Consello Xeral do Notariado, Axencia Estatal de Administración Tributaria e Rexistros Mercantís, Rexistros de cooperativas e o Rexistro de Sociedades Agrarias de Transformación.
d) Emitir, de acordo cos convenios que se subscriban coa Axencia Estatal de Administración Tributaria e cos Rexistros Mercantís, Rexistros de Cooperativas e rexistros administrativos, o certificado de rexistro provisional da denominación da empresa e o Número de Identificación Fiscal Provisional.
e) Cando se integren na unidade Galicia Emprende, deberán prestar a asistencia prevista no artigo 8 seguinte.
f) Todas as demais funcións que regulamentariannente se determinen."

Emenda nº3, ao apartado 4, de Adición. Artigo 8

Débese engadir dentro do artigo 8, un novo apartado 4, co seguinte texto:
"4. A Unidade Galicia Emprende, elaborará un informe con carácter anual, no que se deberá recoller as cifras de, polo menos os datos de: solicitudes atendidas, proxectos avaliados, proxectos declarados como viables e servizos proporcionados."

Emenda nº4, ao apartado 5, de Adición. Artigo 8

Débese engadir dentro do artigo 8, un novo punto 5, co seguinte texto:
"5. No deseño, planificación e implementación da actividade da Unidade Galicia Emprende teranse en conta as actuacións en materia de emprendemento por parte da Administración Xeral do Estado."

Emenda nº5, de Substitución. Artigo 24

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 07/10/2013 16:43
Nº Rexistro: 13577
Data envio: 07/10/2013 16:43:28.532

Débese substituír o texto do artigo 24 polo que segue a continuación:

"Artigo 24 Comunicación previa

1. Con carácter previo ao inicio da actividade ou da apertura do establecemento e, de ser o caso, para o inicio da obra ou instalación que se destine especificamente a unha actividade, os/as interesados/as presentarán ante o concello respectivo comunicación previa na cal poñerán en coñecemento da Administración municipal os seus datos identificativos e achegarán a seguinte documentación acreditativa dos requisitos exixibles para o exercicio da actividade ou para o inicio da obra e instalación:

a) Memoria explicativa da actividade que se pretende realizar, coa manifestación expresa do cumprimento de todos os requisitos técnicos e administrativos.

b) Xustificante de pagamento dos tributos municipais.

c) Declaración de que se cumpren todos os requisitos para o exercicio da actividade e de que os locais e instalacións reúnen as condicións de seguridade, salubridade e as demais previstas no planeamento urbanístico.

d) Proxecto e documentación técnica que resulte exixible segundo a natureza da actividade ou instalación.

e) A autorización ou declaración ambiental que proceda.

f) As autorizacións e os informes sectoriais que sexan preceptivos, xunto coa manifestación expresa de que se conta con todos os necesarios para o inicio da obra, instalación ou actividade.

g) No seu caso, o certificado, acta o informe de conformidade emitido por as entidades de certificación de conformidade municipal (ECCOM) reguladas na presente lei.

2. Se para o desenvolvemento da actividade é precisa a realización dunha obra, a documentación anterior presentarase coa comunicación previa prevista na normativa urbanística ou coa solicitude de licenza de obra, se proceder. Logo de rematar a obra, presentarase comunicación previa para o inicio da actividade coa antelación sinalada no punto 1 deste artigo.

3. Sométese tamén ao réxime de comunicación previa o cambio de titularidade das actividades e instalación, e deberá comunicalo por escrito ao concello quen exerza a nova titularidade."

Emenda nº6, de Modificación. Artigo 41

Débese modificar o artigo 41 no seguinte senso:
Onde dí: "Artigo 41 Actividades sometidas a licenza municipal
En atención á concorrencia de razóns de interese xeral derivadas da necesaria protección da seguridade e saúde pública, dos dereitos das persoas consumidoras e usuarias, mantemento da orde pública, así como da adecuada conservación do ambiente e do patrimonio histórico artístico, será precisa a obtención de licenza para:"
Débe dicir:
"Artigo 41. Actividades sometidas a licenza ou autorización
En atención á concorrencia de razóns de interese xeral derivadas da necesaria protección da seguridade e saúde pública, dos dereitos das persoas consumidoras e usuarias, mantemento da orde pública, así como da adecuada conservación do ambiente e do patrimonio histórico artístico, será precisa a obtención de licenza ou autorización para:"

Emenda nº7, de Adición. Artigo 46

Débese engadir un novo Capítulo III bis dentro do Título III co seguinte texto:
"CAPÍTULO III bis. As Entidades de Certificación de Conformidade Municipal
Artigo 46 bis. Natureza e finalidade
1.As entidades de certificación de conformidade municipal (ECCOM) son aquelas que, despois de ser autorizadas pola Administración, tendo capacidade plena de obrar e actuando baixo a súa responsabilidade, se constitúan coa finalidade de desenvolver en todo o territorio da Comunidade Autónoma de Galicia actuacións de certificación, verificación, inspección e control da conformidade de instalacións, establecementos e actividades coa normativa aplicable no ámbito municipal e que dispoñan dos recursos humanos, materiais e financeiros necesarios para realizalas, de acordo con esta lei e co que se estableza regulamentariamente.
2. As ECCOM rexeranse polos principios de imparcialidade, confidencialidade e independencia e as súas funcións non substituirán as potestades de comprobación, inspección ou calquera outra da Administración.
3. As ECCOM serán as únicas responsables fronte as Administracións públicas do contido das súas certificacións, verificacións, inspeccións e controis da conformidade e a súa actuación substituirá a responsabilidade dos demais interesados.

Artigo 46 ter. Autorización e rexistro

1.A autorización e rexistro das entidades de certificación de conformidade municipal (ECCOM) corresponderá á consellería competente en materia de seguridade industrial, e regulamentariamente se establecerán as normas regulamentarias necesarias para elo, así como as súas obrigas e os requisitos esixibles para o desenvolvemento das súas actividades e a súa acreditación.

2.As ECCOM virán obrigadas, como requisito previo á efectividade da autorización, a subscribir pólizas de seguro que cubran os riscos da súa responsabilidade na contía que se estableza, sen que esta limite a devandita responsabilidade.

Artigo 46 quater. Funcionamento

1.As entidades de certificación de conformidade municipal (ECCOM) certificarán, verificarán, inspeccionarán ou controlarán se a instalación, implantación ou exercicio de calquera actividade, económica, empresarial, profesional, industrial ou comercial, é conforme coa normativa sectorial e coa aplicable no municipio onde se realicen, ou pretendan realizar, e cos campos e normas de actuación que se establezan regulamentariamente para este efecto.

2.Nas súas actuacións, as ECCOM poderán emitir, certificados, actas, informes e ditames, que poderán ser asumidos pola Administración pública competente sen prexuízo das súas competencias.

3.No exercicio das súas funcións, as ECCOM e o persoal dependente delas desenvolverá as súas funcións con independencia e regulamentariamente se establecerán as disposicións en materia de incompatibilidades.

Artigo 46 quinquies. Control e inspección

As entidades de certificación de conformidade municipal e os seus actos estarán sometidos ao control e inspección da administración local e da consellería competente en materia de seguridade industrial."

Emenda nº8, de Adición. Artigo 48

Débense engadir apartados 8 e 9 do artigo 48 coa seguinte redacción:

8.A expedición de certificados, actas, informes ou ditames cuxo contido non se axuste á realidade dos feitos.

9.A realización de certificacións, verificacións, inspeccións e controis propios das entidades de certificación sen posuír a correspondente autorización en vigor para iso.

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 07/10/2013 16:43
Nº Rexistro: 13577
Data envio: 07/10/2013 16:43:28.532

PARLAMENTO DE GALICIA

Emenda nº9, de Adición. Artigo 49

Débense engadir apartados 7 a 12 do artigo 49 coa seguinte redacción:
"7.- As certificacións, verificacións, inspeccións e controis efectuados polas entidades de certificación de conformidade municipal de forma incompleta ou con resultados inexactos por unha insuficiente constatación dos feitos ou pola deficiente aplicación de normas técnicas ou regulamentarias
8.- O incumprimento das obrigas establecidas regulamentariamente ás entidades de certificación de conformidade municipal.
9.- A acreditación de entidades de certificación de conformidade municipal por parte das entidades de acreditación cando se efectúe sen verificar totalmente as condicións e requisitos técnicos esixidos para o funcionamento daqueles ou mediante valoración tecnicamente inadecuada.
10.- O incumprimento das prescricións ditadas pola autoridade competente en cuestións de seguridade, hixiene e medio relacionadas con esta lei e coas normas que a desenvolvan.
11.- Ocultar datos ou alterar os xa achegados á entidade de certificación de conformidade municipal.
12.- Incorrer, as entidades de certificación de conformidade municipal, en demora inxustificada, en remitir ao órgano ou órganos da Administración, e no prazo, establecidos regulamentariamente os certificados, actas, informes ou ditames que sexan resultado da súa actuación."

Emenda nº10, ao apartado 4, de Adición. Artigo 50

Débense engadir un apartado 4 ao artigo 50 coa seguinte redacción:
"4.- O incumprimento das prescricións ditadas pola autoridade competente ás entidades de certificación de conformidade municipal conforme ao desenvolvemento das súas funcións."

Emenda nº11, ao apartado 3, de Adición. Artigo 51

Débese engadir un apartado 3 ao artigo 51 coa seguinte redacción:
"3. Cando unha entidade de certificación de conformidade municipal (ECCOM) participe na tramitación administrativa, será a responsable das infraccións reguladas nesta lei no que concirne ao obxecto da devandita tramitación. Esta responsabilidade substituirá a dos suxeitos indicados nos apartados anteriores deste artigo."

Emenda nº12, de Substitución. Artigo 52

Débese substituír o texto do artigo 52 polo que segue a continuación:
"1. As infraccións previstas nesta lei serán obxecto das sancións administrativas correspondentes, logo da instrución do oportuno procedemento tramitado consonte o establecido no capítulo II do título IX da Lei 30/1992, do 26 de novembro, e nas disposicións que o desenvolvan.
2.- Iniciado o procedemento sancionador poderán adoptarse, de forma motivada, as medidas de carácter provisional que resulten necesarias para evitar que se produzan ou manteñan no tempo os prexuízos derivados da presunta infracción."

Emenda nº13, de Substitución. Artigo 53

Débese substituír o texto do artigo 53 polo que segue a continuación:
"Artigo 53. Competencia para sancionar.
1. Correspóndelles aos concellos a competencia para incoar, instruír e resolver os expedientes sancionadores pola comisión das infraccións previstas na presente lei, agás en todo o relativo ás entidades de certificación de conformidade municipal (ECCOM) e as súas actuacións, que corresponderá á consellería competente en materia de seguridade industrial, sen prexuízo de poida delegarse nos concellos algunha delas.
2. Nos termos que establece o artigo 4 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, os órganos administrativos de calquera Administración pública, han de facilitar ao instrutor do expediente sancionador a documentación necesaria así como os medios materiais e persoais que requira o desenvolvemento da actividade."

PARLAMENTO DE GALICIA

Emenda nº14, ao apartado 2.d), de Adición. Artigo 54

Engádese un letra d) ao apartado 2. Do artigo 54 co seguinte texto:
"d) Retirada da autorización dunha entidade de certificación de conformidade municipal por un período máximo dun ano."

Emenda nº15, ao apartado 3.d), de Adición. Artigo 54

Engádese unha letra d) ao apartado 3. do artigo 54 coa seguinte redacción:
"d) Retirada da autorización dunha entidade de certificación de conformidade municipal por un período máximo de tres anos."

Emenda nº16, de Modificación. Disposición derradeira primeira

Débese modificar o texto da Disposición derradeira primeira no seguinte senso:

Onde di: "...modifícanse o artigo 5.Dez, 7.Oito, 8.Oito, 13 ter e 18.Oito..."
Debe dicir: "...modifícanse o artigo 5.Dez, 5.Once, 7.Oito, 8.Oito, 13 ter e 18.Oito..."

Emenda nº17, ao apartado Un, de Substitución. Disposición derradeira primeira

Débese substituír o apartado un da disposición derradeira primeria polo texto que segue a continuación:
"Un. O artigo 5 dez terá a seguinte redacción:
Dez. Dedución por investimento na adquisición de accións ou participacións sociais en entidades novas ou de recente creación e o seu financiamento
Os/as contribuíntes poderán deducir na cota íntegra autonómica, e cun límite conxunto de 20.000 euros, as seguintes cantidades:

a).- O 20 % das cantidades investidas durante o exercicio na adquisición de capital social como consecuencia de acordos de constitución de sociedades ou de ampliación de capital en sociedades anónimas, limitadas, sociedades laborais e cooperativas.
b).- Con respecto ás mesmas entidades, poderase deducir o 20% das cantidades prestadas durante o exercicio, así como das cantidades garantidas persoalmente polo/a contribuínte, sempre que o préstamo se outorgue ou a garantía se constitúa no exercicio no que se proceda á constitución da sociedade ou á ampliación de capital da mesma.
Para ter dereito a estas deducións deberanse cumprir os seguintes requisitos:
a) A participación do/a contribuínte, computada xunto coas do cónxuxe ou das persoas unidas por razón de parentesco, en liña directa ou colateral, por consanguinidade ou afinidade ata o terceiro grado incluído, non pode ser superior ao 40% nin inferior ao 1% do capital social da sociedade obxecto do investimento, ou dos seus dereitos de voto en ningún momento e durante os tres anos seguintes á constitución ou ampliación. En caso de préstamo ou garantía, non será necesaria unha participación do/a contribuínte no capital, pero si esta existise, non pode ser superior ao 40% cos mesmos límites temporais anteriores. O importe prestado ou garantido polo/a contribuínte ten que ser superior ao 1% do patrimonio neto da sociedade.
b) A entidade na que hai que materializar o investimento, préstamo ou garantía debe cumprir os seguintes requisitos:
1º. Debe ter o domicilio social e fiscal en Galicia e mantelo durante os tres anos seguintes á constitución ou ampliación.
2º. Debe desempeñar unha actividade económica durante os tres anos seguintes á constitución ou ampliación. A ese efecto, non debe ter por actividade principal a xestión dun patrimonio mobiliario ou inmobiliario, de acordo co disposto no artigo 4.8.º.dous.a) da Lei 19/1991, de 6 de xuño, do imposto sobre o patrimonio.
3º. Debe contar, como mínimo, cunha persoa ocupada con contrato laboral e a xornada completa, dada de alta no réxime xeral da Seguridade Social e con residencia habitual en Galicia. O contrato terá unha duración mínima dun ano e deberá formalizarse dentro dos dous anos seguintes á constitución ou ampliación, salvo no caso de sociedades laborais ou sociedades cooperativas.
4º. No caso de que o investimento fose realizado mediante unha ampliación de capital, ou o préstamo ou garantía se realizase no exercicio dunha ampliación, a sociedade mercantil debeu ser constituída nos tres anos anteriores á data desta ampliación, e ademais, durante os vintecatro meses seguintes

á data do inicio do período impositivo do imposto sobre sociedades no que se realizase a ampliación, a súa plantilla media con residencia habitual en Galicia incrementarase, polo menos, nunha persoa respecto da plantilla media con residencia habitual en Galicia nos doce meses anteriores, e o dito incremento manterase durante un período adicional doutros doce meses, salvo no caso de sociedades laborais ou sociedades cooperativas.
Para o cálculo da plantilla media total da empresa e do seu incremento tomaranse as persoas empregadas, nos termos que dispoña a lexislación laboral, tendo en conta a xornada contratada en relación coa xornada completa.
c) O/a contribuínte pode formar parte do consello de administración da sociedade en que materializou o investimento, pero en ningún caso pode levar a cabo funciones executivas nin de dirección durante un prazo de dez anos, nin pode manter unha relación laboral coa entidade obxecto do investimento durante ese mesmo prazo salvo no caso de sociedades laborais ou sociedades cooperativas.
d) As operacións en que sexa aplicable a dedución deben formalizarse en escritura pública, na cal débese especificar a identidade dos\as contribuíntes que pretendan aplicar esta dedución e o importe da operación respectiva.
e) As participacións adquiridas deben manterse no patrimonio do/a contribuínte durante un período mínimo de tres anos seguintes á constitución ou ampliación. No caso de préstamos, estes deben referirse ás operacións de financiamento cun prazo superior a cinco anos, non podendo amortizar unha cantidade superior ao 20 % anual do importe do principal prestado. No caso de garantías, estas estenderanse a todo o tempo de vixencia da operación garantida, non podendo ser inferior a cinco anos.

A dedución contida no presenta apartado resultará incompatible, para os mesmos investimentos, coas deducións previstas nos apartados 9 e 11 deste artigo."

Emenda nº18, ao apartado Un bis), de Adición. Disposición derradeira primeira

Débese engadir un novo apartado Un bis. co seguinte contido:

"Un bis. O artigo 5.Once terá a seguinte redacción:

Once. Dedución por investimento en accións de entidades que cotizan no segmento de empresas en expansión do mercado alternativo bolsista.

1. Os contribuíntes poderán deducir na cota íntegra autonómica, e cun límite de 4.000 euros, o 15 % das cantidades investidas durante o exercicio na adquisición de accións como consecuencia de acordos de ampliación de capital subscritos por medio do segmento de empresas en expansión do mercado alternativo bolsista, aprobado por acordo do Consello de Ministros de 30 de decembro de 2005.

A dedución total calculada conforme ao párrafo anterior se prorrateará por partes iguais no exercicio en que se realice o investimento e nos tres exercicios seguintes.

2. Para poder aplicar a dedución a que se refire o apartado 1 deben cumprirse os requisitos seguintes:

a) A participación conseguida polo contribuínte na sociedade obxecto do investimento non pode ser superior ao 10 % do seu capital social.

b) As accións adquiridas deben manterse no patrimonio do contribuínte durante un período de tres anos, como mínimo.

c) A sociedade obxecto do investimento debe ter o domicilio social e fiscal en Galicia, e non debe ter como actividade principal a xestión dun patrimonio mobiliario ou inmobiliario, de acordo co disposto polo artigo 4.8.º.Dous.a) da Lei 19/1991, de 6 de xuño, do imposto sobre o patrimonio.

Os requisitos indicados nas letras a) e c) anteriores deberán cumprirse durante todo o prazo de mantemento indicado na letra b), a contar desde a data de adquisición da participación.

d) As operacións en que sexa de aplicación a dedución deben formalizarse en escritura pública, na cal debe especificarse a identidade dos inversores e o importe do investimento respectivo.

3. O incumplimiento dos requisitos anteriores conlleva a perda do beneficio fiscal.

4. A dedución contida no presente apartado resultará incompatible, para os mesmos investimentos, coas deducións previstas nos apartados 9 e 10 anteriores."

Emenda nº19, ao apartado Catro, de Substitución. Disposición derradeira terceira

Débese substituír o apartado Catro da Disposición derradeira terceira pola que segue a continuación:

"Catro. O punto 2 do artigo 194 queda coa seguinte redacción:

2. Estarán suxeitos a licenza municipal previa, sen prexuízo das autorizacións que sexan procedentes de acordo coa lexislación aplicable, os seguintes actos de uso do solo e do subsolo:
a) Os actos de edificación e uso do solo e do subsolo que, consonte a normativa xeral de ordenación da edificación, precisen de proxecto de obras de edificación.
b) As intervencións en edificios declarados bens de interese cultural ou catalogados polas súas singulares características ou valores culturais, históricos, artísticos, arquitectónicos ou paisaxísticos.
c) As demolicións.
d) Os muros de contención de terras.
e) Os grandes movementos de terras e as explanacións.
f) As parcelacións, segregacións ou outros actos de división de terreos en calquera clase de solo, cando non formen parte dun proxecto de reparcelación urbanística.
g) A primeira ocupación dos edificios.
h) A ubicación de casas prefabricadas e instalacións similares, xa sexan provisionais ou permanentes.
i) A tala de masas arbóreas ou de vexetación arbustiva en terreos incorporados a procesos de transformación urbanística e, en todo caso, cando dicha tala se derive da lexislación de protección do dominio público."

Emenda nº20, ao apartado 8, de Modificación. Exposición de motivos

Débese engadir a continuación do último parágrafo do apartado 8 da exposición de motivos o que segue a continuación:
"Para que a instalación, a implantación ou o exercicio de calquera actividade económica, empresarial, profesional, industrial ou comercial, póidase realizar no menor tempo posible axilizando os procedementos de control, pero ao tempo dar seguridade xurídica ao interesado, a terceiros e á propia administración, créanse nesta lei as entidades de certificación de conformidade municipal (ECCOM) que se configuran como aquelas que avaliarán a conformidade daquelas respecto da normativa aplicable en cada caso no ámbito municipal.
A intervención das ECCOM será facultativa e non substituirán en ningún caso as potestades de comprobación, inspección ou

calquera outra da Administración pero serán as responsables fronte a ela dos extremos obxecto de certificación.
Tendo en conta que o labor das ECCOM de certificación da conformidade ha de levarse a cabo cun elevado nivel de calidade e de profesionalidade elevados, que se deben rexer conforme aos principios de imparcialidade, confidencialidade e independencia, que o seu labor terá efectos administrativos para os cidadáns e que o seu funcionamento e actos estarán baixo o control da Administración, está xustificado que por razóns de interese xeral a súa actividade estea sometida a autorización administrativa previa nas condicións establecidas no artigo 5 da Lei 17/2009, do 23 de novembro establecéndose para elo requisitos obxectivos que garantan a non discriminación e a proporcionalidade."

Asinado dixitalmente por:

Pedro Puy Fraga na data 07/10/2013 16:43:11

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 07/10/2013 17:39
Nº Rexistro: 13579
Data envio: 07/10/2013 17:39:10.887

PARLAMENTO DE GALICIA

EMENDAS PRESENTADAS POLO GRUPO PARLAMENTARIO SOCIALISTAS DE GALICIA AO PROXECTO DE LEI DO EMPRENDEMENTO E DA COMPETITIVIDADE ECONÓMICA DE GALICIA (NUM. EXPE. 09/PL-000012).

Emenda nº1, de Modificación. Proxecto de lei do emprendemento e da competitividade económica de Galicia

Proponse un novo título para esta lei, que deberá ser o seguinte:

"Proxecto de lei de impulso do emprendemento e de modificación do réxime administrativo de licenzas, avaliación ambiental e espectáculos públicos."

Emenda nº2, de Adición. Artigo 2

Na segunda liña do parágrafo deste artigo onde di: "... deseñar...´", debense engadir as seguintes palabras: "... promover, dinamizar, deseñar e executar ..."

Emenda nº3, de Adición. Artigo 2

No parágrafo deste artigo, débese engadir *in fine o* seguinte texto: "..., e para que se establecerán os mecanismos de coordinación que resulten necesarios."

Emenda nº4, ao apartado 1 bis), de Adición. Artigo 3

Débese engadir un novo punto 1 bis), que terá o seguinte contido:

“Non se entenderá por pequena e mediana empresa aquela que cumpra ou prevea cumprir no transcurso dos catro anos da súa posta en funcionamento, algún dos seguintes requisitos:

a) Ter máis de 250 traballadores.
b) Ter un volume de negocio anual superior aos 50 millóns de euros, ou ben un balance xeral anual que supere os 43 millóns de euros.
c) Participar, nun 25 % ou máis do seu capital social ou dos seus dereitos de voto noutra empresa que igualmente non cumpra cos requisitos anteriores."

Emenda nº5, ao apartado F bis), de Adición. Artigo 4

Débese engadir unha nova letra f bis), que terá o seguinte contido:

"Tampouco se considerarán emprendedor aquela persoa física ou xurídica na que algúns dos seus socios se encontre inhabilitado en España ou no estranxeiro como consecuencia dun procedemento concursal, se encontre procesado ou tratándose do procedemento ao que se refire o título III do libro IV da Lei de enxuizamento criminal, se ditase auto de apertura de xuízo oral; ou teña antecedentes penais por delitos de falsidade conta a Facenda Pública ou contra a Seguridade Social, de infidelidade na custodia de documentos e violación de secretos, de branqueo de capitais, de receptación e outras condutas afins, de malversación de caudais públicos, contra a propiedade; ou estea inhabilitado ou suspendido, penal ou administrativamente, para exercer cargos públicos ou de administración da dirección de entidades".

Emenda nº6, ao apartado 1, de Adición. Artigo 5

Ao remate da terceira liña despois de: "... por persoas emprendedoras ...", debe dicir: "... que manteñan e desenvolvan un compromiso ético permanente na súa actuación, reflectido, entre outros aspectos, na vinculación ao territorio e o compromiso de mantemento da actividade ... "

Emenda nº7, ao apartado 1, de Adición. Artigo 5

No punto 1., deste artigo, penúltima liña débese engadir despois de: "... e social da entidade ...", a seguinte expresión: "..., así como a súa actividade. ..."

Emenda nº8, ao apartado 2, de Supresión. Artigo 5

O punto 2 deste artigo débese suprimir.

Emenda nº9, ao apartado a bis), de Adición. Artigo 6

Débese engadir unha nova letra a bis) que terá o seguinte contido:

a bis) Mellora do tecido empresarial territorial endóxeno, así como un patrón de crecemento baseado na competitividade, a innovación, a tecnoloxía e o crecemento económico dentro dun marco de desenvolvemento sostible.”

Emenda nº10, ao apartado e bis), de Adición. Artigo 6

Débese engadir unha nova letra e bis) que terá o seguinte contido:

"e bis) Potenciar todas as alternativas de financiamento existentes favorecendo un modelo específico de financiamento para emprendedores e os seus correspondentes incentivos."

Emenda nº11, ao apartado j bis), de Adición. Artigo 6

Débese engadir unha nova letra j bis), que terá o seguinte contido:

"j bis): Perspectiva de xénero no deseño e planificación e execución das accións a desenvolver, garantindo a igualdade entre homes e mulleres.”

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 07/10/2013 17:39
Nº Rexistro: 13579
Data envio: 07/10/2013 17:39:10.887

PARLAMENTO DE GALICIA

Emenda nº12, ao apartado 1, de Adición. Artigo 7

No punto 1., deste artigo, primeira liña despois de: "... Comunidade Autónoma de Galicia ...,", débese engadir o seguinte: "..., en colaboración coas organizacións afectadas .... "

Emenda nº13, ao apartado 1, de Modificación. Artigo 7

No punto 1 deste artigo, ao remate do parágrafo, onde di: "... co obxectivo de que a constitución de novas empresas en Galicia se poida realizar en menos de vinte e catro horas.", débese substituír polo seguinte texto:
"... a presentación da documentación requirida legalmente habilita para o exercicio da actividade dende o momento do seu rexistro, ca salvidade prevista no artigo 25.1 desta lei para os actos necesitados de comunicación previa."

Emenda nº14, ao apartado 1 bis), de Adición. Artigo 7

Débese engadir un novo punto 1 bis) que terá o seguinte contido:
"1 bis) A simplificación administrativa estará presidida polos seguintes criterios:
a) Redución e supresión de trámites que impliquen dilacións do procedemento, sempre que non afecten ás garantías das persoas interesadas, como eliminación de duplicidades de controis, substitución de informes por visados
b) Substitución da achega de documentos por declaracións responsables
c) Substitución de autorizacións por declaracións previas con verificación posterior;
d) Eliminación dos requirimentos de documentación que obre en poder da Administración, xerados por esta ou por outras coas que poida existir intercambio de datos.
e) Redución de prazos máximos de tramitación, resolución e notificación de procedementos.
f) Impulso das actuacións de oficio en substitución da iniciativa de parte.
g) Normalización da produción documental, implantando catálogos de procedementos, manuais e modelos normalizados de solicitudes.

h) Unificación de procedementos de natureza similar."

Emenda nº15, ao apartado 2 bis), de Adición. Artigo 7

Débese engadir un novo punto 2 bis) que terá o seguinte contido:
“2 bis) Na elaboración de disposicións de carácter xeral será preceptivo un informe de impacto na constitución, e funcionamento das empresas, que elaborará a consellería competente en materia de economía."

Emenda nº16, ao apartado 2 ter), de Adición. Artigo 7

Débese engadir un novo punto 2 ter) que terá o seguinte contido:

“2 ter) As consellerías da Xunta así como todos os entes do sector público de Galicia, solicitarán do organismo con funcións en materia da competencia, un informe de impacto na empresa e na liberdade de empresa, nos seguintes supostos:
A) Antes da posta en marcha de servizos dirixidos á cidadanía, que sexan susceptibles de ser prestados polo sector privado e non sexan de solicitude ou recepción obrigatoria,con exclusión dos servizos públicos universais.
B) Antes da achega de recursos a quen preste servizos en condicións estipuladas como de mercado e susceptibles de ser prestadas polo sector privado.
O informe de impacto elaborado polo organismo con funcións en materia da competencia, analizará se concorren as seguintes circunstancias:
a) Que o acto da Administración poida distorsionar gravemente as condicións de libre competencia no mercado.
b) Que esa gravidade afecte ao interese público. Os informes serán públicos sendo publicados na páxina *web* de tal organismo."

Emenda nº17, ao apartado 3, de Adición. Artigo 7

Débese engadir un novo parágrafo no punto 3, que terá o seguinte contido:
"Na devandita Rede integraranse os puntos de asesoramento previstos na normativa estatal, así como os Puntos de Asesoramento e Inicio de Tramitación (PAIT), actualmente existentes en Galicia. A tal efecto a Xunta de Galicia promoverá os oportunos convenios de colaboración co ministerio competente e co "Centro de Información e Rede de Creación de Empresas" do mesmo departamento."

Emenda nº18, ao apartado 3 bis), de Adición. Artigo 7

Débese engadir un novo punto 3 bis) que terá o seguinte contido:
"3 bis) Igualmente se levará a cabo a coordinación necesaria cas "ventanillas únicas", ás que se refire o artigo 70 bis) da Lei 7/1985 reguladora das bases de réxime local."

Emenda nº19, ao apartado 4 bis), de Adición. Artigo 7

Débese engadir un novo punto 4 bis) que terá o seguinte contido:

"4 bis). A xunta de Galicia fomentará unha axeitada distribución xeográfica dos puntos de activacióne mpresarial, garantindo polo menos un en cada concello de máis de 5.000 habitantes."

Emenda nº20, ao apartado 4 ter), de Adición. Artigo 7

Débese engadir un novo punto 4 ter), que terá o seguinte contido:
"4 ter) Para a coordinaciónd as diferentes administracións, A Xunta de Galicia promoverá o establecemento dun sistema de tramitación telemática de creación de empresas."

Emenda nº21, de Supresión. Artigo 8

No enunciado do artigo 8, débese suprimir a palabra: "Unidade, ..."

Emenda nº22, ao apartado 1, de Supresión. Artigo 8

No punto 1 deste artigo, terceira liña, débese suprimir a expresión: "... a unidade ..."

Emenda nº23, ao apartado 2, de Modificación. Artigo 8

No punto 2, deste artigo, segunda liña, onde di: "... da unidade, que poderá estar composta por ...", debe dicir: "... do programa, ao que poderán sumarse ..."

Emenda nº24, ao apartado 2, de Supresión. Artigo 8

Na penúltima liña do punto 2 deste artigo débese suprimir a expresión "... á unidade ..."

Emenda nº25, ao apartado 3, de Supresión. Artigo 8

No punto 3, deste artigo débese suprimir *ab initio* a seguinte expresión: "A unidade ..."

Emenda nº26, ao apartado 3.b), de Modificación. Artigo 8

Na letra b) do punto 3 deste artigo onde di: "... ao axente da unidade ...", debe dicir: "... á persoa ou entidade integrada no programa ...."

Emenda nº27, ao apartado 3.c, de Modificación. Artigo 8

Nas últimas liñas da letra c) do punto 3, deste artigo, onde di: "... nun prazo non superior a sesenta días ...", debe dicir: "... nun prazo non superior a 30 días ..."

Emenda nº28, ao apartado 3.d, de Modificación. Artigo 8

Na primeira liña da letra d) punto 3 deste artigo, onde di: "... calquera axente da unidade ...", debe dicir: "... a calquera persoa ou entidade integrada no programa ..."

Emenda nº29, de Adición. Artigo 9

Débese engadir un novo artigo 9 bis) que terá o seguinte contido:

"Artigo 9 bis). Plan de apoio á actividade emprendedora

A Xunta de Galicia en colaboración cos axentes sociais e económicos implicados, elaborará, de xeito cuadrienal, un plan de apoio á actividade emprendedora, no que se recollerán de xeito coordenado todos os programas de impulso, promoción e fomento que deban ser realizados, indicando de xeito pormenorizado as medidas, actuacións e recursos necesarios. O plan será remitido o Parlamento para o seu coñecemento e debate."

Emenda nº30, ao apartado 3, de Modificación. Artigo 10

Na letra a) do punto 3, deste artigo, onde di: "... 4 millóns de euros ...", debe dicir: "... 20 millóns de euros..."

Emenda nº31, ao apartado 5 bis), de Adición. Artigo 10

Débese engadir un novo punto 5 bis, neste artigo, que terá o seguinte contido:

"5 bis) A Xunta de Galicia establecerá unha liña de micro - créditos dirixida a persoas emprendedoras e micro - empresas.

Non poderá destinarse para o refinanciamento da actividade. Terán intereses subsidiados e un límite de cinco anos."

Emenda nº32, ao apartado 5 ter), de Adición. Artigo 10

Débese engadir un novo punto 5 ter) que terá o seguinte contido:

"5 ter) “A Xunta de Galicia regulará un programa de incentivos para empresas de economía social, para favorecer a súa promoción, mantemento, reconversión e dimensionamento, mediante axudas que favorezan a fusión e integración de empresas, a creación de novas empresas prestadoras de servizos, en especial de proximidade e favorecendo a reconversión de empresas en crise en empresas de economía social”.

Emenda nº33, ao apartado 1, de Modificación. Artigo 11

No punto 1 deste artigo, onde di: "... investimento entre 50.000 e 300.000 euros ...", debe dicir: "... un investimento superior a 50.000 euros ..."

Emenda nº34, de Adición. Artigo 13

Débese engadir un novo artigo 13 bis), que terá o seguinte contido:

"Artigo 13 bis). Pago único anticipado da prestación por desemprego

1. A Xunta de Galicia garantirá que as persoas emprendedoras que vaian a iniciar a súa actividade como autónomas e que teñan solicitado e obtido do Servizo Público de Emprego estatal, a capitalización en pago único da prestación por desemprego, poidan dispor anticipadamente da totalidade do importe da prestación nun único pago.
2. A Xunta de Galicia acordará coa persoa emprendedora, un calendario de pago da cantidade anticipada."

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 07/10/2013 17:39
Nº Rexistro: 13579
Data envio: 07/10/2013 17:39:10.887

PARLAMENTO DE GALICIA

Emenda nº35, de Adición. Artigo 13

Débese engadir un novo artigo 13 ter), que terá o seguinte contido:

"Artigo 13 ter). Compensación das taxas municipais vinculadas co inicio da actividade empresarial

A Xunta de Galicia regulará unha liña de axudas que sufrague a totalidade dos gastos nos que as persoas físicas, Pemes e micro - empresas que inicien actividades económicas en Galicia, incorran durante o primeiro ano, con motivo do pago das taxas locais vinculadas coa actividade emprendida."

Emenda nº36, de Adición. Artigo 13

Débese engadir un novo artigo 13 quater, que terá o seguinte contido:

"Artigo 13 quater). Axudas á innovación dos emprendedores

1.º) "A Xunta de Galicia regulará unha liña de axuda para subvencionar a persoas emprendedoras de carácter innovador, subvencionando os gastos de entrada no mercado alternativo bursátil, co obxecto de facilitar a capitalización das empresas de recente creación.

2.º) A Xunta de Galicia subvencionará os custos de contratación de persoal investigador nas micro empresas acollidas a esta lei."

Emenda nº37, ao apartado 4 bis), de Adición. Artigo 14

Débese engadir un novo punto 4 bis), que terá o seguinte contido:

"4 bis) A Xunta impulsará un programa de mobilidade profesional e formativa no estranxeiro, con información sobre ofertas de traballo, busca de socios ou formación de alianzas de empresas; así como para o desenvolvemento de estadías laborais ou de análise de mercados."

Emenda nº38, ao apartado 3 bis), de Adición. Artigo 15

Débese engadir un novo punto 3 bis) que terá o seguinte contido:

"3 bis) Tamén serán obxectivos a incorporación da ética empresarial baseada na corresponsabilidade, na colaboración cos demais axentes económicos, e no cumprimento dos códigos deontolóxicos. Poñerase en valor o papel do empresariado na creación de emprego e como motor da actividade económica; así como nos valores de esforzo, realización persoal, liderado, xestión de recursos humanos, resolución de conflitos, asunción de riscos, que caracterizan a actividade empresarial. A Xunta de Galicia promoverá a participación da comunidade empresarial nas aulas, para transmitir os seus valores e experiencias. Garantirase que a importancia do espírito empresarial estea presente axeitadamente nos materiais didácticos e na formación do profesorado."

Emenda nº39, ao apartado 3 ter), de Adición. Artigo 15

Débese engadir un novo punto 3 ter), que terá o seguinte contido:

"3 ter). No ámbito da Formación Profesional, a consellaría competente na materia desenvolverá unha adecuación constante da oferta formativa ás necesidades de formación das empresas e dos traballadores e traballadoras, tanto asalariados como autónomos; fomentará e impulsará o papel da Formación Profesional nos campos da innovación e da iniciativa emprendedora e promoverá xunto coa consellaría competente en materia de emprendemento, a colaboración das empresas dos diferentes sectores produtivos para potenciar a innovación, a transferencia de coñecemento e a especialización."

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 07/10/2013 17:39
Nº Rexistro: 13579
Data envio: 07/10/2013 17:39:10.887

Emenda nº40, ao apartado ´3 quater), de Adición. Artigo 15

Débese engadir un novo punto 3 quater), que terá o seguinte contido:
"3 quater). No sistema universitario galego, ademais dos obxectivos sinalados na Lei de universidades de Galicia, a formación atenderá aos seguintes obxectivos:
a) Incorporación nos plans de estudio de habilidades e destrezas orientadas á innovación, fomento da creatividade e do emprendemento, así como do espírito empresarial
b) Modernización e adaptación das ensinanzas universitarias á produción, servizos, propostas e métodos innovadores na economía e na sociedade.
c) A promoción da incorporación efectiva das persoas tituladas universitarias ao mercado laboral, reforzando as conexións entre universidade e empresa, con especial atención ao fomento de capacidades para a iniciativa empresarial e o autoemprego."

Emenda nº41, ao apartado 3 quinquies), de Adición. Artigo 15

Débese engadir un novo punto 3 quintus) que terá o seguinte contido:

"3 quintus). No marco dos parques científicos e tecnolóxicos e dos campus universitarios, as universidades, as administracións públicas e as empresas promoverán a interacción entre a cultura académica e a cultura empresarial, co fin de fomentar o espíritu emprendedor nos colectivos docente, investigador, bolseiro e estudiantil, así como o acompañamento na maduración e lanzamento de proxectos ao mercado."

Emenda nº42, ao apartado 3 sexies), de Adición. Artigo 15

Débese engadir un novo punto 3 sextus), que terá o seguinte contido:

"3 sextus). O sistema universitario galego potenciará a transferencia de coñecemento á sociedade para a mellora do benestar e da competitividade, mediante o desenvolvemento de proxectos e iniciativas en colaboración co sector produtivo, como a constitución de empresas innovadoras de base tecnolóxica, a xeración de polos de innovación mediante a concorrencia nos mesmos espazos de centros académicos e empresas, ou a creación de entidades para uso e aproveitamento industrial ou comercial das innovacións, coñecementos científicos e resultados do labor de investigación."

Emenda nº43, ao apartado 3 septies), de Adición. Artigo 15

Débese engadir un novo punto 3 sétimus), que terá o seguinte contido:

"3 sétimus). A Xunta de Galicia impulsará a aprendizaxe do idioma inglés en todos os graos e niveis do sistema educativo e universitario, así coma no ámbito da formación laboral, orientada á adquisición de habilidades de comunicación. A tal efecto aproveitarase, entre outros recursos, os medios públicos de comunicación."

Emenda nº44, de Adición. Artigo 16

Débese engadir un novo artigo 16 bis) que terá o seguinte contido:

Artigo 16 bis). Transformación da fundación Galicia Europa para o apoio ao emprendemento

A Xunta de Galicia impulsará a transformación da Fundación Galicia Europa de xeito que sen renunciar os obxectivos actuais, sirva de canle das iniciativas do sistema universitario e dos emprendedores galegos, tendentes á constitución de asociacións ou grupos de interese estratéxico no marco da Unión europea, na captación de recursos e na adopción de estratexias de emprendemento en materia de innovación e transferencia de tecnoloxía e de coñecemento."

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 07/10/2013 17:39
Nº Rexistro: 13579
Data envio: 07/10/2013 17:39:10.887

Emenda nº45, ao apartado 3, de Adición. Artigo 17

Débese engadir un novo punto 3 bis), que terá o seguinte contido:

3 bis). Pola Xunta de Galicia impulsarase a incorporación de accións de flexibilización, que permitan conciliar a vida familiar, laboral e persoal."

Emenda nº46, ao apartado 5 bis), de Adición. Artigo 18

Débese engadir un novo punto 5 bis), que terá o seguinte contido:

"5 bis). A Xunta de Galicia creará un sistema de validación autonómica de proxectos empresariais, innovación e base tecnolóxica para facilitar o acceso ao financiamento e os servizos específicos de apoio ao emprendemento".

Emenda nº47, ao apartado 5 ter), de Adición. Artigo 18

Débese engadir un novo punto 5 ter) que terá o seguinte contido:

"5 ter). "A Xunta de Galicia, á vista dos datos de demanda de emprego, potenciará os novos nichos de emprego en sectores emerxentes como son a atención ás persoas, os servizos ás empresas, a sostibilidade e os contidos multimedia, entre outros. Esas áreas con máis demanda terán preferencia no outorgamento das axudas derivadas desta Lei e nos programas de formación profesional regrada e ocupacional."

Emenda nº47, ao apartado 5 quater), de Adición. Artigo 18

Débese engadir un novo punto 5 quater) que terá o seguinte contido:

"5 quater). A Xunta de Galicia impulsará, coa cooperación dos clúster respectivos, proxectos tractores nos sectores de alto impacto económico, como son as Tecnoloxías da Información e Comunicación e a Loxística. Deseñaranse plans específicos de actuación coa correspondente dotación orzamentaria plurianual."

Emenda nº49, ao apartado 5 quinquies), de Adición. Artigo 18

Débese engadir un novo punto 5 quintus), que terá o seguinte contido:

5 quintus). No ámbito rural serán deseñados plans específicos que incrementen o valor engadido en novos produtos, como os derivados do sector forestal ou da agricultura ecolóxica."

Emenda nº50, ao apartado 2, de Adición. Artigo 19

No punto 2, penúltima liña, despois da expresións: "... as universidades ...", débese engadir: "..., concellos a través da Fegamp ..."

Emenda nº51, ao apartado 4 bis), de Adición. Artigo 20

Débese engadir un novo punto 4 bis), que terá o seguinte contido:
"4 bis) Propoñer indicadores de viabilidade e futuro dos proxectos de emprendemento, co fin de que os que se acomoden aos mesmos poidan ser obxecto de axudas preferenciables."

Emenda nº52, ao apartado 2 bis), de Adición. Artigo 23

Débese engadir un novo punto 2 bis) que terá o seguinte contido:

"2 bis). Igualmente o concello poderá realizar cantas inspeccións considere oportunas e comprobarase a inexactitude ou falsidade de calquera dato ou documento de carácter esencial presentado ou que non se axuste á normativa en vigor, decretará a imposibilidade de continuar co exercicio da actividade da empresa, sen prexuízo das responsabilidades penais, civís ou administrativas a que houber lugar, trasladando este feito á Administración autonómica."

Emenda nº53, de Modificación. Artigo 24

No punto 2 deste artigo, ab initio, onde di: "Dentro dos quince días hábiles ...", debe dicir: "Dentro dos sete días naturais ..."

Emenda nº54, ao apartado 4 bis), de Adición. Artigo 24

Débese engadir un novo punto 4 bis) que terá o seguinte contido:

"4 bis) Toda a documentación requirida no presente artigo poderá presentarse telemáticamente. As comunicacións e resolucións da Administración tramitaranse do mesmo xeito. Todos os concellos de Galicia deberán ter na súa páxina *web*, un portal telemático de licenzas e autorizacións administrativas."

Emenda nº55, ao apartado 2 bis), de Adición. Artigo 25

Débese engadir un novo punto 2 bis), que terá o seguinte contido:

"2 bis). A Xunta de Galicia disporá das axudas necesarias para que os concellos que polas súas circunstancias non dispoñan dos equipos técnicos ou de persoal suficiente, podan levar a cabo as funcións encomendadas no punto anterior."

Emenda nº56, ao apartado 2, de Supresión. Artigo 27

Débese suprimir o punto 2, deste artigo.

Emenda nº57, ao apartado 1, de Adición. Artigo 29

No punto 1 deste artigo débese engadir *in fine*, o seguinte texto:

"A actividade de inspección deberá realizarse dentro do prazo dos quince días seguintes ao rexistro da solicitude. De non realizarse entenderase como silencio positivo."

Emenda nº58, ao apartado 2, de Supresión. Artigo 29

No punto 2 deste artigo débese suprimir *ab initio* o seguinte texto:
Dende: "Realizada a solicitude prevista no parágrafo anterior ....", ata: "... solicitude do particular ..."

Emenda nº59, ao apartado 3, de Adición. Artigo 35

No punto 3 deste artigo, débese engadir *in fine* o seguinte texto:

"... . O órgano ambiental fundamentará a decisión aceptada fronte ás alegacións e informes presentados contrarios ao proxecto."

Emenda nº60, ao apartado 4 bis), de Adición. Artigo 35

Débese engadir un novo punto 4 bis) que terá o seguinte contido:

"4 bis) Toda a documentación correspondente á tramitación das solicitudes de avaliación ambiental, publicarase na páxina *web* da Consellería."

Emenda nº61, de Modificación. Artigo 36

No punto 2 deste artigo, segunda liña, onde di: "... dous meses ...", debe dicir: "... un mes ..."

Emenda nº62, de Adición. Disposición adicional segunda

Débese engadir unha nova disposición adicional segunda bis), que terá o seguinte contido:

"Disposición adicional segunda bis).

Dentro da subcomisión de Cooperación Local creada pola Disposición adicional quinta da Lei 1/2010, do 11 de febreiro, de modificación de diversas leis de Galicia para a súa adaptación á Directiva 2006/123/CE do Parlamento Europeo e do Consello, do 12 de decembro de 2006, relativa aos servizos no mercado interior, se procederá a colaborar para levar a cabo unha correcta e coordinada transposición da directiva existente, á vez que se cuantificará a posible diminución de ingresos das entidades locais, buscando compromisos para a súa compensación."

Emenda nº63, de Supresión. Disposición derradeira primeira

No apartado Un, letra c) desta disposición, débese suprimir o seguinte texto: "... nin pode manter una relación laboral coa entidade obxecto do investimento durante ese mesmo prazo agás no caso de sociedades laboráis ou sociedades cooperativas."

Emenda nº64, de Adición. Disposición derradeira sétima

Débese engadir *in fine* nesta disposición derradeira sétima o seguinte texto:

"... . relativas á actualización dos diversos importes que nela se contén."

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 07/10/2013 17:39
Nº Rexistro: 13579
Data envio: 07/10/2013 17:39:10.887

Emenda nº65, de Adición. Exposición de motivos

Débese engadir un novo parágrafo no punto 4 que terá o seguinte contido:

“A superación da actual crise económica implica modificar o paradigma de crecemento económico, pasando dunha economía con amplos sectores de baixo valor engadido, cun uso moderado ou menor da tecnoloxía e centrados no comercio interior, á unha economía baseada fundamentalmente en sectores de alto valor engadido, tecnoloxía avanzada e orientados á internacionalización.
Os desafíos para acadar ese obxectivo implican compromisos firmes coa formación en todo os graos e niveis, co impulso específico aos sectores tractores ou cun potencial de crecemento importante, e como consecuencia por un cambio na cultura empresarial."

Asinado dixitalmente por:

Abel Fermín Losada Álvarez na data 07/10/2013 17:38:29

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 07/10/2013 18:14
Nº Rexistro: 13587
Data envio: 07/10/2013 18:14:17.883

PARLAMENTO DE GALICIA

EMENDAS PRESENTADAS POLOS GRUPOS PARLAMENTARIOS ALTERNATIVA GALEGA DE ESQUERDA AO PROXECTO DE LEI DO EMPRENDEMENTO E DA COMPETITIVIDADE ECONÓMICA DE GALICIA (NUM. EXPE. 09/PL-000012).

Emenda nº1, ao apartado 1, de Adición. Artigo 1

Débese engadir no punto 1, despois de:
"creación e implantación de empresas" o seguinte texto:

“cuxos proxectos empresariais estean dirixidos a mellorar e/ou potenciar a produción e consumo de produtos elaborados en Galicia e o seu posterior desenvolvemento e consolidación a través da xeración da iniciativa emprendedora,...” a formación, a flexibilización dos trámites administrativos

---

Emenda nº2, ao apartado 1, de Substitución. Artigo 3

Débese substituir no punto 1 o seguinte:

"corenta e dous meses" por: "setenta e dous meses"

Emenda nº3, ao apartado 2, de Adición. Artigo 3

Débese engadir ao remate do punto 2 o seguinte texto:

"a través dunha empresa ou negocio con domicilio fiscal e social en Galicia e sempre que xeren postos de traballo en territorio galego.”

Emenda nº4, ao apartado a), de Substitución. Artigo 4

Débese substituir no apartado a) o seguinte texto:

"Singularmente, esta lei non será aplicable aos denominados..." por:
"A presente lei será aplicable aos denominados..."

Emenda nº5, ao apartado d), de Adición. Artigo 4

Débese engadir no apartado d) despois de "Facenda pública" a seguinte expresión:

", vulneración dos Dereitos dos Traballadores/as"

Emenda nº6, ao apartado e), de Substitución. Artigo 4

Débese substituir no apartado e) o seguinte texto:

"ou que leven dados de alta no réxime de persoas autónomas máis de corenta e dous meses." por:
"ou que nos setenta e dous meses anteriores estivesen de alta no réxime de autónomos nunha empresa unipersoal cuxa actividade poda ser predecesora da actividade a desenrolar."

Emenda nº7, ao apartado 2, de Substitución. Artigo 5

Débese substituir no punto 2 a seguinte expresión:

"corenta e dous meses" por: "setenta e dous meses"

Emenda nº8, ao apartado g), de Substitución. Artigo 6

Débese substituir o texto do apartado g) polo seguinte:

"g) Fomento da iniciativa empresarial e da mellora competitiva baseada na excelencia e no investimento en I+D+i."

Emenda nº9, ao apartado 1, de Adición. Artigo 7

Débese engadir no punto 1 despois de "trámites innecesarios" o seguinte texto:

"substituíndo -sempre que sexa conveniente- as autorizacións por declaracións responsables ou comunicacións previas da persoa interesada”

Emenda nº10, ao apartado 1, de Adición. Artigo 7

Débese engadir entre o punto 1 e o 2 o seguinte texto:

"Co obxectivo de facilitar os trámites administrativos, a Administración empregará en todos os documentos unha linguaxe sinxela e clara para a cidadanía.”

Emenda nº11, ao apartado 2, de Adición. Artigo 7

Débese engadir entre o punto 2 e o 3 o seguinte texto:

"O Instituto Galego de Estatística elaborará un índice estatístico de carga e simplificación administrativa para autónomos e empresas que permita avaliar no tempo a eficacia das medidas adoptadas na simplificación dos trámites administrativos e a súa comparación con outros territorios.”

Emenda nº12, ao apartado 2, de Adición. Artigo 8

Débese engadir ao remate do punto 2 o seguinte texto:

"garantindo sempre a participación das centrais sindicais máis representativas no ámbito galego. Para cada proxecto concreto, a Administración Pública garantirá a participación dos axentes e movementos sociais e das plataformas cidadáns con interese lexítimo no mesmo."

Emenda nº13, ao apartado 1, de Adición. Artigo 10

Débese engadir no punto 1 despois de "a posta en marcha por elas de novas empresas" o seguinte texto:

"que xeren emprego estable e de calidade"

Emenda nº14, ao apartado 3.a), de Substitución. Artigo 10

Débese substituir no punto 3.a) a seguinte expresión:

"inicial non inferior a 4 millóns de euros." por: "inicial non superior a 6 millóns de euros."

Emenda nº15, ao apartado 1, de Substitución. Artigo 11

Débese substituir no punto 1 a seguinte expresión:

"entre 50.000 e 300.000 euros" por: "entre 5.000 e 300.000 euros"

Emenda nº16, ao apartado 1, de Adición. Artigo 11

Débese engadir ao remate do punto 1 o seguinte texto:

"e xeren emprego estable e de calidade no territorio galego."

Emenda nº17, ao apartado 5, de Adición. Artigo 12

Débese engadir ao remate do punto 5 o seguinte texto:

"ou a aqueles que teñan base coopoerativa ou de economía social."

Emenda nº18, de Supresión. Artigo 13

Débese suprimir a seguinte expresión:

"ou privadas"

Emenda nº19, ao apartado 3, de Substitución. Artigo 14

Débese substituir no punto 3 o seguinte texto:

"3. Promoveranse o emprendemento colectivo..." por:
"3. Será obxectivo prioritario promover o emprendemento colectivo..."

Emenda nº20, ao apartado 2, de Substitución. Artigo 15

Débese substituir o texto do punto 2 polo seguinte:

"2. Na execución do Plan de emprendemento no sistema educativo fixarase como obxectivo prioritario desenvolver políticas de igualdade de xénero e respecto aos Dereitos Humanos e á biodiversidade e o medioambiente, promovendo a creatividade, o espírito critico e investigador, o traballo en equipa e a non discriminación entre os seres humanos, en todos os niveis de ámbito educativo, poñendo en valor os principios do cooperativismo e da economía social, fomentando a cultura da investigación e innovación como ferramentas para acadar unha sociedade máis xusta e unha mellor calidade de vida para todas as persoas.
Nos niveis educativos da Formación Profesional e Universitaria implementaranse actuacións de empregabilidade e fomento da economía social e o cooperativismo."

Emenda nº21, ao apartado 2, de Substitución. Artigo 16

Débese substituir o texto do punto 2 despois de "desenvolvemento estratéxico" polo seguinte:

", de diagnose e de fiscalización do cumprimento das condicións establecidas na concesión das axudas recibidas en función do proxecto aprobado pola Unidade Galicia Emprende e apoio á expansión de mercados e internacionalización dos produtos de orixe e/ou elaboración galega."

Emenda nº22, ao apartado 4, de Adición. Artigo 17

Débese engadir un novo punto co seguinte texto:

"4. Regulamentariamente desenrolaranse as medidas específicas a adoptar para dar cumprimento aos obxectivos prioritarios aquí descritos e que serán acordadas, previa consulta ás organizacións e asociacións galegas do eido da igualdade de sexos, da discapacidade ou exclusión social, entre a Xunta de Galicia, as centrais sindicais maioritarias no ámbito galego, sindicatos labregos galegos, organizacións de autónomos e a representación empresarial e posteriormente ditaminadas polo Consello Económico e Social de Galicia."

Emenda nº23, ao apartado 1, de Adición. Artigo 18

Débese engadir ao remate do punto 1 o seguinte texto:

“e aos proxectos destinados ao incremento da autonomía enerxética, ao desenvolvemento das renováveis,e aos proxectos de producción e comercialización local de productos agrarios baseados nos principios da soberanía alimentaria."

Emenda nº24, de Supresión. TÍTULO III

Débese suprimir a totalidade do Título III.

Emenda nº25, de Supresión. Disposición adicional primeira

Débese suprimir a Disposición adicional primeira.

Emenda nº26, de Supresión. Disposición transitoria primeira

Débese suprimir a Disposición transitoria primeira.

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 07/10/2013 18:14
Nº Rexistro: 13587
Data envio: 07/10/2013 18:14:17.883

Emenda nº27, de Supresión. Disposición derrogatoria segunda

Débese suprimir a Disposición derrogatoria segunda.

Emenda nº28, ao apartado 3, de Substitución. Disposición derradeira primeira

Débese substituir no punto "Un.b) 3º" o seguinte texto:

"3º. Debe contar, como mínimo, cunha persoa ocupada con contrato..." por:
"3º. Debe contar, como mínimo, co 10% de persoas ocupadas con contrato..."

Emenda nº29, ao apartado 4, de Substitución. Disposición derradeira primeira

Débese substituir no punto "Un.b) 4º" o seguinte texto:

"...o seu persoal medio con residencia habitual en Galicia incrementarase, polo menos, nunha persoa respecto do persoal medio ..." por:

"...o seu persoal medio con residencia habitual en Galicia incrementarase, polo menos, no 10% respecto do persoal medio..."

Emenda nº30, ao apartado 5.10, de Adición. Disposición derradeira primeira

Débese engadir no segundo paragrafo do punto "Un. o Artigo 5. Dez", despois de "sociedades laborais e cooperativas" o seguinte texto:

"de cuxo resultado económico neto resulten beneficios inferiores ao 20% das cantidades investidas."

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 07/10/2013 18:14
Nº Rexistro: 13587
Data envio: 07/10/2013 18:14:17.883

Emenda nº31, ao apartado 7.8, de Supresión. Disposición derradeira primeira

Débese suprimir a totalidade do punto "Dous. O artigo 7.Oito"

Emenda nº32, ao apartado 8.8, de Supresión. Disposición derradeira primeira

Débese suprimir a totalidade do punto "Tres. O artigo 8.Oito"

Emenda nº33, ao apartado 13 ter), de Supresión. Disposición derradeira primeira

Débese suprimir a totalidade do punto "Catro. O artigo 13.Ter"

Emenda nº34, ao apartado 17.8, de Supresión. Disposición derradeira primeira

Débese suprimir a totalidade do punto "Cinco. O artigo 17.Oito"

Emenda nº35, ao apartado 18, de Supresión. Disposición derradeira primeira

Débese suprimir no paragrafo 2 o seguinte:

"18 oito"

Emenda nº36, de Supresión. Disposición derradeira cuarta

Débese suprimir a Disposición derradeira cuarta.

Emenda nº37, ao apartado 2, de Adición. Exposición de motivos

Débese engadir ao remate do primeiro parágrafo do punto 2 o seguinte texto:

“das iniciativas emprendedoras con escaso ou nulo éxito na súa consolidación."

Emenda nº38, ao apartado 6, de Substitución. Exposición de motivos

Débese substituir no primeiro paragrafo do punto 6 o seguinte texto:

"terse en conta a fase en que unha actividade emprendedora se encontra" por:
"manterse durante todas as fases da actividade emprendedora: emprendemento potencial, nacente, a implementación e a consolidación"

Emenda nº39, ao apartado 6, de Adición. Exposición de motivos

Debe engadirse no paragrafo 3 do punto 6, despois de:
"habitualmente polas administracións públicas" o seguinte texto:

""“apoio tecnolóxico, financeiro, busca de mercados, ampliación de capital”.

Emenda nº40, ao apartado 7.1, de Substitución. Exposición de motivos

Débese substituir no punto 7, no primeiro principio o seguinte texto:

Onde di: "poidan prosperar e no cal se recompense o espírito empresarial"
Por: "poidan consolidar os seus negocios"

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 07/10/2013 18:14
Nº Rexistro: 13587
Data envio: 07/10/2013 18:14:17.883

Emenda nº41, ao apartado 7.2, de Substitución. Exposición de motivos

Débese substituir no punto 7, no segundo principio o seguinte texto:
"honestos/as" por:
"que non teñan sido condenados/as por incumprimento da lexislación fiscal, penal, laboral e mediomabiental"

Emenda nº42, ao apartado 7.3, de Substitución. Exposición de motivos

Débese substituir no punto 7, no terceiro principio o seguinte texto:
"confome ao principio de pensar primeiro a pequena escala" por:

"para cada estadío, buscando dar resposta ás necesidades sociais, potenciar os sectores estratéxicos e promovendo a creación de cooperativas laborais"

Emenda nº43, ao apartado 7.5, de Substitución. Exposición de motivos

Débese substituir no punto 7, no quinto principio o seguinte texto:
"e toda forma de mellora da súa competitividade" por:

"en base ao fomento e investimento en I+D+i"

Emenda nº44, ao apartado 7.6, de Adición. Exposición de motivos

Débese engadir no punto 7, un sexto principio o seguinte texto:

"- Os poderes públicos fomentarán as iniciativas empresariais con sede no territorio galego que xeren emprego de calidade e con salarios dignos."

Emenda nº45, ao apartado 7.7, de Adición. Exposición de motivos

Débese engadir no punto 7, un sétimo principio o seguinte texto:

"- Os poderes públicos fomentarán as iniciativas empresariais con sede no territorio galego que xeren emprego feminino de calidade co obxectivo de acadar a paridade de sexos nos seus cadros de persoal e en todos os estamentos e categorías profesionais."

Emenda nº46, ao apartado 9, de Substitución. Exposición de motivos

Débese substituir no Punto 9. Título II. Capítulo VI o seguinte texto:
"sensibilizar e promover unha cultura emprendedora en todos os niveis de ámbito educativo, ... e implantación desta cultura na comunidade educativa."

Por: "promover a creatividade e o espírito critico e investigador en todos os niveis de ámbito educativo, fomentando a cultura da investigación e innovación como ferramentas para acadar unha sociedade máis xusta e unha mellor calidade de vida para todas as persoas."

Asinado dixitalmente por:

María Consuelo Martínez García na data 07/10/2013 18:13:59

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 07/10/2013 18:14
Nº Rexistro: 13587
Data envio: 07/10/2013 18:14:17.883

Xosé Manuel Beiras Torrado na data 07/10/2013 18:14:12

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 07/10/2013 18:07
Nº Rexistro: 13583
Data envio: 07/10/2013 18:07:44.518

PARLAMENTO DE GALICIA

EMENDAS PRESENTADAS POLO GRUPO PARLAMENTARIO BLOQUE NACIONALISTA GALEGO AO PROXECTO DE LEI DO EMPRENDEMENTO E DA COMPETITIVIDADE ECONÓMICA DE GALICIA (NUM. EXPE. 09/PL-000012).

Emenda nº1, de Substitución. Proxecto de lei do emprendemento e da competitividade económica de Galicia

Emenda nº1, Substitución doTitulo da lei

Débese substituír o título polo seguinte:

"Lei do Emprendemento e Autoemprego de Galiza"

Emenda nº2, de Adición. Artigo 1

Artigo 1. Débese engadir un novo punto 3 coa seguinte redacción:

"1.3. Polo tanto, é obxecto desta lei impulsar o emprendemento, en especial en proxectos dirixidos a mellorar ou potenciar a produción e consumo de produtos ou servizos elaborados na Comunidade galega."

Emenda nº3, de Adición. Artigo 5

Artigo 5. Débese engadir un novo artigo 5 bis. Orientación estratéxica das iniciativas de fomento do emprendemento.

"Artigo 5. bis). Orientaranse os esforzos de apoio ao emprendemento contemplados nesta lei cara a aqueles sectores onde exista un maior potencial para a creación de empresas, ben polas súas elevadas taxas de crecemento sectorial, ben polo seu carácter representativo da economía galega, ben por abordar actividades vinculadas aos novos

viveiros de emprego, das novas tecnoloxías ou de actividades de especial interese público, económico social ou ambiental."

Emenda nº4, de Supresión. Artigo 6

Artigo 6, a). Debese suprimir o apartado a) que afirma:

“Garantía da liberdade de establecemento e libre competencia no marco das disposicións da Unión Europea.”

Emenda nº5, de Adición. Artigo 8

Artigo 8, engadir un novo punto 4:

"4. A unidade Galicia Emprende proporcionará documentación e información precisa sobre as actividades estratéxicas e novos nichos de actividade nos que orientar as tarefas emprendedoras."

Emenda nº6, de Adición. Artigo 9

Artigo 9. Engadir un novo punto 4

"4. A rede de viveiros Galicia Emprende ofrecerá ferramentas de apoio ás entidades cualificadas como Galicia Emprende, tais como asesoramento legal e financeiro, acceso ás tecnoloxías máis avanzadas para o desenvolvemento dos proxectos, etc."

Emenda nº7, de Adición. CAPÍTULO III. BIS

Engadir un novo Capítulo III Bis

"CAPÍTULO III BIS.

Creación do Instituto Galego de Crédito e Investimento para facilitar o financiamento do tecido produtivo galego.

Artigo 9 bis. Creación do Instituto Galego de Crédito e Investimento

1. Autorízase a creación do Instituto Galego de Crédito e Investimento, como unha entidade pública empresarial con personalidade xurídica propia, das previstas no artigo 89 da Lei 16/2010, do 17 de decembro, de organización e funcionamento da administración xeral e do sector público de Galiza, que estará adscrito á consellaría competente en materia de economía e finanzas.

2. O Instituto Galego de Crédito e Investimento será o instrumento principal da política de crédito público do Goberno Galego, estará sometido á normativa de aplicación do sector público galego e á do dereito privado que lle sexan de aplicación no exercicio da súa actividade.
No exercicio das súas funcións, o Instituto Galego de Crédito e Investimento axustarase ás disposicións orzamentarias anuais e ás directrices que en relación coa política económica xeral lle indique o Goberno Galego.

3.O Instituto Galego de Crédito e Investimento terá patrimonio e tesouraría propia. Así mesmo, no exercicio das súas funcións disporá de autonomía financeira, patrimonial, funcional e de xestión, con submisión á presente lei, ao Estatuto da empresa pública catalá e ao resto do ordenamento xurídico, sen prexuízo de que na súa actividade axústese ás normas de dereito privado que lle son de aplicación.
O seu Estatuto fixará o réxime patrimonial e económico, consonte as disposicións aplicábeis ao sector público galego.

4 O Instituto Galego de Crédito e Investimento, a fin de cumprir o seu cometido, poderá utilizar instrumentos de dereito público e privado e asinar convenios de colaboración, concertos e protocolos de actuación coa Administración pública e con calquera ente ou institución pública ou privada.
As operacións que en cumprimento da súa actividade realice o Instituto Galego de Crédito e Investimento con persoas físicas e entidades privadas someteranse ás normas do dereito privado, nas condicións establecidas polos seus Estatutos.

5. Os obxecto e fins xerais do Instituto Galego de Crédito e Investimento serán os seguintes:

a) Promover aquelas actividades económicas que contribúan ao desenvolvemento e ao aumento da riqueza de Galiza e en especial, aquelas que, pola súa transcendencia social, cultural, innovadora ou ecolóxica, merezan unha atención prioritaria.
b) A participación ou concesións directa de créditos ás empresas e emprendedores de Galiza, dentro das áreas prioritarias da economía produtiva que estableza o Goberno galego.
c) A redución de custos na xestión dos recursos financeiros e nas operacións de crédito da Comunidade Autónoma.
d) Contribuír a xerar unha nova dinámica ao conxunto do sistema financeiro galego, reforzando a aposta por unha economía produtiva, innovadora, creadora de emprego da calidade e sustentábel.

6. En desenvolvemento de ditos obxectos, o Instituto Galego de Crédito e Investimento poderá:
a) Desenvolver aquelas actividades financeiras que lle encomende o Goberno Galego no ámbito das súas competencias.
b) Tomar participacións ou prestar apoios financeiros en empresas e entidades non financeiras públicas ou privadas, sempre que non superen o límite dos seus recursos propios, e no marco das políticas sectoriais prioritarias, unha vez obtida a autorización do Goberno e posto en coñecemento do Parlamento de Galiza.
c) Constituír, no marco da normativa mercantil e nos termos e condicións establecidos pola lexislación aplicábel, sociedades mercantís dedicadas ao financiamento de empresas baixo calquera modalidade, ou sociedades de investimento en participacións financeiras ou patrimoniais. Ao seu tempo, ditas sociedades poderán participar igualmente en sociedades mercantís, financeiras ou fondos, sexan públicos ou privados, cuxas actividades se dirixan ao investimento en sectores relacionados coa innovación ou co tecido produtivo de Galiza, en sociedades e fondos de garantía, e en sociedades ou fondos de capital risco.
d) Outorgar e formalizar créditos, operacións de financiamento, avais e outras garantías en favor de institucións, administracións ou corporacións públicas, persoas físicas, autónomos e profesionais -no exercicio da súa actividade económica e profesional-, e de persoas xurídicas, públicas e privadas.En todo caso, os créditos e avais que se concedan a persoas xurídicas deben destinarse ao financiamento de investimentos en activos materiais, inmateriais e financeiros, así como de capital circulante, coa excepción do sector da

promoción inmobiliaria (agás a vivenda de protección oficial) que non poderá ser financiada polo Instituto.
e) Prestar asesoramento en materia financeira e emitir informes para o Goberno galego ou o departamento competente en materia de finanzas, a petición destes ou a iniciativa propia.
f) Exercer a representación da Comunidade Autónoma de Galiza nos eidos financeiro e crediticio.
A actividade descrita, particularmente a concesión de créditos e avais, dirixirase a actividades que se realizan en Galiza e, excepcionalmente, para actividades que se desenvolven fóra deste territorio. Neste último caso, con todo, a empresa ou o beneficiario afectado debe ter o seu enderezo social en Galiza.

7. Os Estatutos do Instituto Galego de Crédito e Investimento regularán os órganos de goberno, que serán en todo caso, o Consello de Dirección, que estará presidido pola persoa titular da consellaría de adscrición, e a Dirección Xeral.
Existirá ademais un Comité Asesor, como órgano de participación dos axentes sociais e institucións e entidades representativas no eido económico, designadas na súa metade por ditas institucións e entidades, e na outra metade polo Parlamento de Galiza a proposta dos grupos parlamentares, entre persoas de competencia recoñecida, procedentes do ámbito financeiro, económico, social ou universitario.

8. Os recursos económicos do Instituto Galego de Crédito e Investimento estarán constituídos por:
a) As asignacións que se establezan anualmente con cargo aos orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galiza.
b) As subvencións, achegas ou doazóns que se concedan ao seu favor por persoas físicas, xurídicas ou outras administracións ou institucións públicas.
c) Os ingresos derivados dos bens e dereitos integrados no seu patrimonio, e os ingresos ordinarios e extraordinarios derivados do exercicio das súas actividades.
d) As achegas doutras institucións financeiras, públicas ou privadas, que se establezan consonte a normativa en vigor, ou a través de convenios ou acordos de financiamento.
e) As emisións de valores de renda fixa, variábel, ou outras operacións de endebedamento e os recursos derivados da xestión integral dos seus activos e pasivos.
f) Os rendementos procedentes doutras operacións financeiras distintas das indicadas anteriormente, acordes coa propia finalidade do Instituto.
g) Outros recursos que poidan serlle atribuídos na normativa sectorial ou orzamentaria.

9. O réxime económico e orzamentario, así como o seu control e fiscalización, do Instituto Galego de Crédito e Investimento será o establecido na normativa de réxime orzamentario de Galiza para as entidades instrumentais públicas.
As obrigas patrimoniais do Instituto Galego de Crédito e Investimento terán a garantía da administración da Comunidade Autónoma de Galiza.
O Instituto Galego de Crédito e Investimento subrogarase en todas as obrigas patrimoniais, e asumirá a titularidade do patrimonio e dos activos e pasivos do Instituto Galego de Promoción Económica.

10. Os postos de traballo do Instituto Galego de Crédito e Investimento serán desempeñados por persoal laboral contratado polo Instituto, ademais de persoal da Administración da Comunidade Autónoma de Galiza, segundo as funcións asignadas a cada posto de traballo. Neste caso, o réxime de adscrición será o establecido pola normativa de función pública de Galiza.
O persoal que presta servizos no Instituto Galego de Promoción Económica integrarase no Instituto Galego de Crédito e Investimento, quen se subrogará na posición de empregador consonte a normativa laboral, mantendo en todo caso os mesmos dereitos laborais.
O Instituto Galego de Crédito e Investimento aprobará a súa relación de postos de traballo, onde deberán figurar os postos directivos reservados a persoal de alta dirección, que poderán ser nomeados e cesados libremente polo Consello de Dirección, entre persoas de recoñecida competencia e experiencia profesional.
O resto dos postos de traballo serán seleccionados en convocatorias públicas, conforme os principios de mérito e capacidade.

11. O Goberno galego aprobará, no prazo de tres meses, os Estatutos do Instituto Galego de Crédito e Investimento, e realizará as operacións necesarias para a subrogación patrimonial e de persoal prevista nesta disposición adicional, ficando expresamente autorizado para realizar cantas accións sexan necesarias para ese fin.

12. O comezo das actividades do Instituto Galego de Crédito e Investimento será no momento da entrada en vigor dos seus Estatutos.
No caso de que o inicio das actividades non coincida coa entrada en vigor dos orzamentos xerais da Comunidade Autónoma, o Consello da Xunta aprobará os seus orzamentos

de explotación e capital e os estados financeiros correspondentes ao exercicio económico en curso, dando conta no prazo de dez días ao Parlamento de Galiza.
No momento de inicio da actividade do Instituto Galego de Crédito e Investimento, tamén se aprobarán as operacións necesarias para a extinción do Instituto Galego de Promoción Económica, así como o traspaso da súa actividade, dos seu patrimonio, dos activos e pasivos, e do persoal subrogado nos termos desta Lei."

Emenda nº8, de Substitución. Artigo 10

Artigo 10. Débese substituír a letra a) do punto 3 polo seguinte texto:

"a) Un fondo de capital risco Galicia Emprende, público ou público-privado, para o emprendemento, cunha dotación inicial non inferior a 20 millóns de euros e con compromiso orzamentario crecente para os seguintes anos."

Emenda nº9, de Adición. Artigo 10

Artigo 10. Débese engadir unha nova letra c) no punto 3 co seguinte texto:

"c) Un fondo de capital semente, cunha dotación inicial non inferior aos 12 millóns de euros e con compromiso orzamentario crecente para os seguintes anos. Este fondo dará prioridade a proxectos xurdidos de “spin-off” procedentes de universidades e centros de investigación."

Emenda nº10, de Adición. Artigo 10

Artigo 10. Débese crear un novo punto 6 co seguinte texto:

“Impulsaranse e reforzaranse as entidades de garantía recíproca e afiuzamento (AFIGAL, SOGARPO...), co obxectivo

de apoiar a súa expansión, con maiores dotacións e presenza no mercado."

Emenda nº11, de Adición. Artigo 10

Artigo 10. Débese crear un novo punto 7 co seguinte texto:

"Para a asignación das liñas de financiamento establecidas neste artigo, a consellería con competencias en materia de economía priorizará os proxectos atendendo á orientación estratéxica contemplada no artigo 5 bis."

Emenda nº12, de Adición. Artigo 10

Artigo 10. Débese crear un novo punto 8 co seguinte texto:

"O goberno galego desenvolverá medidas concretas para garantir un compromiso claro do sistema produtivo co emprendemento relacionado ca I+D e innovación. A tal fin establecerá unhas marxes mínimas para o investimento, determinando a contía en función do seu tamaño, prestando especial atención ás medianas e grandes empresas e aquelas vinculadas aos recursos naturais."

Emenda nº13, de Supresión. Artigo 11

Suprímese o artigo 11

Emenda nº14, de Supresión. Artigo 12

Suprímese o artigo 12

Emenda nº15, de Adición. Artigo 14

Artigo 14. Engadir un novo artigo 14. bis):

"Artigo 14. bis. Políticas activas da Xunta de Galiza no eido do emprego e da ocupación específicas para mocidade.

a) A Xunta de Galiza desenvolverá un programa para a creación dunha renda de inserción laboral para aquelas persoas mozas menores de 30 anos, que sexa acompañada de medidas para a formación, titorización e colocación de persoas mozas desempregadas.

b) A Xunta de Galiza elaborará un plan de medidas para o retorno de emigración moza a través de mecanismos de capacitación e colocación en actividades que potencien o tecido produtivo galego, os seus sectores estratéxicos ou aqueles que permitan a explotación de novos xacementos de emprego."

Emenda nº16, de Substitución. Artigo 15

Artigo 15. Débese substituír todo o artigo 15 polo seguinte:

“A Administración xeral da Comunidade Autonoma garantizará para todo o alumnado galego unha educación pública e de calidade que teña como un dos seus obxectivos fundamentais potenciar a súa capacidade creativa.
O talento, a iniciativa persoal, o esforzo persoal e colectivo, o coñecemento como motor para a mellora social, a cooperación e o sentido de grupo son valores que o sistema educativo galego debe potenciar co obxectivo de formar cidadáns e cidadás críticos/as e reflexivas/os para a sociedade do futuro.
Para tal fin os orzamentos da administración galega garantizarán os medios e o persoal necesario para desenvolver un modelo de escola inclusiva.”

Emenda nº17, ao apartado 2, de Substitución. Artigo 16

Artigo 16.2. Débese substituír o texto do punto 2 polo seguinte:

“Logo de iniciarse as actividades empresariais, coordinaranse distintos servizos de soporte inicial de consolidación, como a

dinamización e o aproveitamento de redes de mentores, neste sentido, avaliarase periodicamente a experiencia da "Rede Mentoring", co obxectivo de adoptar as medidas necesarias que permitan o seu reforzo e consolidación. Tamén se coordinarán servizos específicos de apoio á profesionalización e desenvolvemento estratéxico e de diagnose e apoio á expansión de mercados e internacionalización."

Emenda nº18, de Adición. Artigo 17

Artigo 17. Engadir un novo punto 4:

"17.4. A Unidade Galicia Emprende contará cunha unidade técnica especializada en emprendemento feminino cos seguintes obxectivos:
a) Desenvolver e dotar orzamentariamente o programa Emega
b)Poñer en marcha un Plan de formación en xénero e innovación destinado ao persoal xestor e investigador que desenvolve a súa actividade profesional en administracións, organismos de interface, centros tecnolóxico,...
c) Fomentar a cultura da innovacion, a formación en habilidades directivas e de xestión entre as mulleres coordenándose coas iniciativas postas en marcha polas universidades galegas ou outros axentes.
d) Indentificar iniciativas empresariais e contribuír á constitución de redes empresariais co fin de poñer en marcha un programa de mentroring dirixido a empresarias
e) Estimular a adopción por parte das empresarias galegas de estratexias para a innovación
f) Reducir a desaparición de empresas femininas a través da detección precoz de dificultades"

Emenda nº19, de Substitución. Artigo 18

Artigo 18. Débese substituír o título do artigo 18 polo seguinte:

"Apoio ao emprendemento no medio rural e a proxectos innovadores, con proxección internacional, de valoración da nosa cultura ou do noso medio natural."

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 07/10/2013 18:07
Nº Rexistro: 13583
Data envio: 07/10/2013 18:07:44.518

Emenda nº21, de Adición. Artigo 18

Artigo 18. Débese crear un novo punto o 4 bis) co seguinte texto:

“Consideraranse proxectos de valorización da nosa cultura aqueles nos que o elemento principal de valorización sexa a lingua e cultura galega.”

Emenda nº22, de Adición. Artigo 18

Artigo 18. Débese engadir un novo punto, o 4 ter) co seguinte texto:

“Consideraranse proxectos de valorización do noso medio natural aqueles que teñan como obxectivo principal unha mellora do entorno natural.”

Emenda nº23, ao apartado 1, de Adición. Artigo 18

Engadir no punto 1. “Establecerase regulamentariamente un fondo especial que dote orzamentariamente estes proxectos.”

Emenda nº24, ao apartado 2, de Modificación. Artigo 18

Artigo 18.2. Engadir no punto 2.

“Para a consideracion de proxectos emprendedores no medio rural terán especial consideración as acitividades agrogandeiras e forestais centradas na transformación, así como aqueles proxectos encamiñados a dotar de servizos ao medio rural.”

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 07/10/2013 18:07
Nº Rexistro: 13583
Data envio: 07/10/2013 18:07:44.518

Emenda nº20, ao apartado 5, de Substitución. Artigo 18

Artigo 18.5. Débese substituír o punto 5 polo seguinte:

“A consellería competente en materia de economía, a través dos diversos organismos adscritos a ela, avaliará, por solicitude das persoas interesadas, os proxectos que lle presenten e, de xeito motivado, asignará a condición de emprendemento rural, proxecto innovador ou de proxección internacional aos que reúnan os requisitos expresados nos parágrafos anteriores, a asignación da condición de proxecto de valorización da cultura galega e de valorización do medio rural realizarase en colaboración das consellerías competentes en materia de cultura e medioambiente respectivamente.”

Emenda nº25, de Supresión. CAPÍTULO IX

Supresión do Capítulo IX completo sobre o Consello Galego de Economía e Competitividade

---

Emenda nº26, ao apartado e), de Supresión. Artigo 41

Artigo 41. e). Débese suprimir o apartado e) do artigo 41.

Emenda nº27, de Supresión. Disposición adicional segunda

Suprímese toda a Disposición adicional segunda

Emenda nº28, de Adición. Disposición adicional segunda

Débese crear unha nova Disposición adicional segunda bis co seguinte texto:

“No próximos cinco anos, os Orzamentos da Xunta de Galiza destinarán consignacións cada vez maiores destinadas a dotar os instrumentos financeiros recollidos no artigo 10.”

Emenda nº29, de Adición. Disposición adicional segunda

Débese crear unha nova Disposición adicional segunda ter co seguinte texto:

“Reforzamento da inspección administrativa.

No prazo dun ano desde a aprobación desta lei todas as administracións nas que o medio de control de inicio de actividades se realice por comunicacións previas ou declaracións responsábeis deberán regular as medidas e procedementos de control operativo, habilitar os corpos de inspección pertinentes, deseñar plans de inspección periódica e establecer as taxas que, no seu caso, procedan por estes controis.”

Emenda nº30, de Adición. Disposición adicional segunda

Débese crear unha nova Disposición adicional segunda quater co seguinte texto:

“Tarifa eléctrica galega e tarifa específica para proxectos emprendedores intensivos en consumo eléctrico.
No prazo de dous meses dende a aprobación da presente lei, o goberno da Xunta establecerá negociacións coa Administración Xeral do Estado tendentes a regular unha tarifa eléctrica específica para Galiza que teña en conta o carácter de produtor excedentario da nosa comunidade, e xa que logo, contemple unha redución nas peaxes de aceso da orde do 30%. No marco de ditas conversacións, establecerase unha tarifa específica para proxectos emprendedores intensivos en consumo eléctrico.
A consellería competente en materia de economía en coordenación coa consellería competente en materia de enerxía avaliará, por solicitude das persoas interesadas, os proxectos que lle presenten e, de xeito motivado, asignará a condición de proxecto emprendedor intensivo en consumo eléctrico.”

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 07/10/2013 18:07
Nº Rexistro: 13583
Data envio: 07/10/2013 18:07:44.518

Emenda nº31, de Adición. Disposición adicional segunda

Débese crear unha nova Disposición adicional quinquier co seguinte texto:

“Prevalencia no pago a emprendedores autónomos.

En materia de cobro dos créditos polo traballo persoal do traballador autónomo aterase ao disposto na normativa civil e mercantil sobre privilexios e preferencias, así como na lei 22/2003 de 9 de xullo, concursal, quedando en todo caso os autónomos, e preferentemente os definidos nesta lei como emprendedores, suxeito á situación de privilexio xeral recollida no artigo 91.3 da citada lei.”

Emenda nº32, de Supresión. Disposición transitoria segunda

Suprímese toda a Disposición transitoria segunda

Emenda nº33, ao apartado 4, de Substitución. Disposición derradeira segunda

Débese substituír o apartado 4 da Disposición derradeira segunda polo seguinte:

“Catro. O punto 6 do artigo 5 terá a seguinte redacción:

6. Cando a declaración ambiental impoña a adopción de medidas correctoras, o órgano administrativo ao cal lle corresponda a súa emisión esixirá a prestación dunha fianza que cubra a reparación dos posibles danos e o posible custo da restauración.”

Emenda nº34, ao apartado 10, de Substitución. Disposición derradeira segunda

Débese substituír o apartado 4 da Disposición Derradeira Segunda polo seguinte:

“Dez. O artigo 45.1b) terá a seguinte redacción:

b) Ao órgano municipal competente, pola falta de comunicación previa, licenza, ou do inicio da actividade.”

Emenda nº35, de Supresión. Disposición derradeira cuarta

Disposición Derradeira Cuarta.

Débese suprimir o contido íntegro desta Disposición derradeira cuarta.

Emenda nº36, de Supresión. Exposición de motivos

Débese suprimir todo o parágrafo 41 que afirma:

“Capítulo IX: Consello Galego de Economía e Competitividade: a creación deste órgano colexiado da Administración permitirá desenvolver un conxunto de mecanismo de mellora na coordenación de políticas e servizos de apoio a persoas emprendedoras e empresas”

Emenda nº37, de Modificación. Exposición de motivos

Modificación. Parágrafo 2, liña 14

Debese modificar :“emprendedor” por: “persoa emprendedora”

Emenda nº38, de Adición. Exposición de motivos

Despois do parágrafo 35 incluirase un novo parágrafo:

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 07/10/2013 18:07
Nº Rexistro: 13583
Data envio: 07/10/2013 18:07:44.518

"Capítulo III Bis. Creación do Instituto Galego de Crédito e Investimento para facilitar o financiamento do tecido produtivo galego. Co obxectivo de promover aquelas actividades económicas que contribúan ao desenvolvemento e ao aumento da riqueza de Galiza e en especial, aquelas que, pola súa transcendencia social, cultural, innovadora ou ecolóxica, merezan unha atención prioritaria créase o IGCI."

Asinado dixitalmente por:

Francisco Xesús Jorquera Caselas na data 07/10/2013 18:07:03

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 16/10/2013 17:25
Nº Rexistro: 13958
Data envio: 16/10/2013 17:25:30.106

PARLAMENTO DE GALICIA

EMENDAS PRESENTADAS POLO GRUPO PARLAMENTARIO BLOQUE NACIONALISTA GALEGO A PROPOSICIÓN DE LEI POLA VISIBILIDADE E NON DISCRIMINACIÓN DE LESBIANAS, GAIS, TRANSEXUAIS E BISEXUAIS EN GALICIA (NUM. EXPE. 09/PPL-000010).

Emenda nº1, ao apartado 2, de Adición. Artigo 2

Débese engadir unha nova letra h) co seguinte texto:

"h) Deporte"

Emenda nº2, de Supresión. Artigo 3

Débese eliminar o seguinte texto:

“Expresión de xénero: termo que fai referencia a todas as características e comportamentos externos que son socialmente definidos como masculinos ou femininos.”

Emenda nº3, de Substitución. Artigo 3

Débese substituír:

“Xénero: termo que complementa ao “sexo” mediante a inclusion do aspecto social, sen limitarse á diferenza biolóxica entre sexos.”

Polo seguinte:

“Xénero: conxunto de disposicións socias polas que unha sociedade transforma a sexualidade biolóxica en produtos culturais da actividade humana.”

Emenda nº4, de Substitución. Artigo 5

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 16/10/2013 17:25
Nº Rexistro: 13958
Data envio: 16/10/2013 17:25:30.106

Débese substituír: “Se entenderá”

Polo seguinte: “Entenderase”

Emenda nº5, de Adición. Artigo 7

Débese engadir o seguinte:

“As medidas de acción positiva entendidas como estratexias destinadas a establecer a igualdade de oportunidades serán prioritarias nos seguintes ámbitos:

a) Ámbito asociativo: apoio e promoción na conformación de asociacións de persoas LGTB, a través de incentivos e acompañamento na capacitación e dotación de medios por parte do órgano competente da Xunta de Galiza.

b) Ámbito laboral: implementación de programas de incentivos fiscais á contratación de persoas LGTB.

c) Ámbito do voluntariado: desenvolveranse programas orientados á capacitación de informadoras/es LGTB que colaborando voluntariamente co servizo creado na Xunta de Galiza.

d) Ámbito de educación: implementación de talleres de diversidade sexual nas escolas, na que participen activamente alumnas/os LGTB, co obxectivo de promover a vinculación das e dos estudantes con persoas LGTB visibles.

e) Ámbito da educación universitaria: conformación de másters/programas de doutoramento universitario en diversidade sexual, que teñen o obxectivo de producir coñecemento e investigación ao redor da temática LGTB.

f) Ámbito da visibilización nos medio de comunicación: tratamento informativo axeitado e apoio institucional e loxístico ás marchas “do orgullo” e eventos alusivos a dereitos LGTB."

Emenda nº6, ao apartado 1, de Adición. Artigo 10

Débese engadir o seguinte texto ao final do parágrafo:

"Dito servizo dependerá da departamento competente en materia de Igualdade, que proporcionará apoio económico e técnico aos Concellos que colaboren no servizo de información, atención e asesoramento. Aqueles gobernos locais que no prazo dun ano colaboren co servizo gozarán de incentivos económicos que permitan a viabilidade do mesmo."

Emenda nº7, de Adición. Artigo 11

Débese engadir o seguinte texto:

"A autoridade penitenciaria deberá permitir e facilitar á persoa interna transexual a continuidade do tratamento hormonal ou calquera outro que estea seguindo. O trato, así como as condicións penitenciarias de vida no centro penitenciario deberán ser as que correspondan co xénero co que a persoa se identifique."

Emenda nº8, de Adición. Artigo 14

Débese engadir o seguinte texto:

"A Xunta de Galiza elaborará un protocolo para tratar íntegra e adecuadamente ás persoas vítimas de agresións por causa de diversidade afectivo ou sexual."

Emenda nº9, de Adición. Artigo 19

Débese engadir o seguinte texto:

"Asemade, enténdese por familia as unidades monoparentais, tanto formadas por mulleres ou homes, con fillos e fillas ao seu cargo.
As familias LGTB terán os mesmos dereitos que o resto de familias en todos os ámbitos, xa sexa público ou privado.
No ámbito sanitario, débese establecer a garantía de que os membros das unións estábeis de parella así como das parellas legalmente constituídas, con independencia da súa orientación sexual, opción afectiva sexual ou identidade de xénero, teñan

os mesmos dereitos que a normativa sectorial sanitaria recoñece aos cónxuxes ou familiares máis próximos. Neste sentido, estableceranse protocolos de actuación específicos.
No que respecta ao consentimento para substitución, considerarase familiar máis próximo a parella coa que a persoa enferma conviva con total independencia da maneira coa que se constituíra.
Nos trámites e xestións relativas á identificación e disposición do cadaleito, enterramento, recepción de obxectos persoais da persoa finada ou calquera outra que sexa necesaria, poderase tomar parte, nas mesmas condicións que as parellas casadas, o outro membro da parella legalmente constituída.
Regulamentariamente, a Administración estabelecerá os mecanismos necesarios para que a documentación administrativa e os formularios médicos se adecúen ás relacións afectivas das persoas LGBT.
Garantirase a igualdade de acceso ás axudas para a aplicación de técnicas de reprodución asistida das parellas de lesbianas en igualdade de condicións que as parellas heterosexuais."

Emenda nº10, de Adición. Artigo 20

Débese engadir un novo punto, que será o 3:

"3. Todas as persoas, con independencia da súa orientación sexual, deben ser tratadas baixo os mesmos criterios durante un proceso de adopción que teña lugar no ámbito competencial e territorial de Galiza. O proceso de estudo e valoración da idoneidade debe ser formador, transparente e informador dacordo cos novos modelos de familias."

Emenda nº11, de Adición. Artigo 23

Débese engadir un novo punto que vai ser o 4:

"4. A Consellaría competente en materia de igualdade establecerá por Regulamento medidas que garantan a igualdade das persoas LGTB da terceira idade, incluíndo a formación e a sensibilización do persoal involucrado na súa atención e o establecemento de protocolos en residencias e centros de día."

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 16/10/2013 17:25
Nº Rexistro: 13958
Data envio: 16/10/2013 17:25:30.106

PARLAMENTO DE GALICIA

Emenda nº12, de Adición. Artigo 23

Débese crear un novo artigo 23.Bis co seguinte contido:

“Artigo 23.Bis. Dereito das persoas LGTB á saúde.

O sistema galego de saúde debe incorporar a perspectiva de xénero así como as necesidades específicas das persoas LGBT para garantir o seu dereito a recibir atención sanitaria e servizos de saúde en condicións obxectivas e de igualdade.

O sistema galego de saúde incorporará as seguintes liñas de actuación:

a) Velar para que a política sanitaria sexa respectuosa coas persoas con diversidade afectiva e sexual e que non patoloxice directa ou indirectamente as persoas lesbianas, gais, bisexuais e especialmente ás transexuais, transxénero e intersexuais.

b) Elaborar políticas de saúde pública que velen polo dereito á saúde das persoas LGBT, adaptando os protocolos establecidos se procede.

c) Establecer estratexias para afrontar problemas de saúde específicos, e fortalecer a vixilancia epidemiolóxica sensíbel ás diferentes situacións de saúde e enfermidade das persoas LGBT.

d) Crear mecanismos de participación das persoas e asociacións LGBT nas políticas relativas á saúde sexual.

e) Eliminar os eixes de xénero á hora de determinar políticas de investigación, garantindo en especial o estudo e desenvolvemento de políticas sanitarias específicas do colectivo LGBT, especialmente das lesbianas e persoas transexuais.

f) Promover entra os colexios profesionais o estabelecemento de prácticas sanitarias ou terapias psicolóxicas que se deben considerar lícitas, respectuosas e en cada caso aversivas coa diversidade afectiva e sexual e de identidade de xénero.

g)Garantirase a igualdade de acceso ás axudas para a aplicación de técnicas de reprodución asistida das parellas de lesbianas en igualdade de condicións que as parellas heterosexuais.”

Emenda nº13, de Adición. Artigo 24

Débese engadir o seguinte texto:

“Incorporar no sistema sanitario a atención integral a persoas transexuais, transxénero e intersexuais, definindo os criterios de acceso tanto ao tratamento hormonal como a intervención cirúrxica. Terase en conta a vontade da persoa na présa da decisión sempre e cando a súa vida non estea en perigo ou as condicións de saúde non poidan verse prexudicadas, de acordo coa normativa vixente.
Garantirase o dereito das persoas transexuais a decidir sobre o seu proceso de modificación corporal durante todo o tratamento.”

Emenda nº14, de Adición. Artigo 25

Engadir un novo artigo 25.Bis, co seguinte contido:

“Artigo 25.Bis. Prevención

A administración garantirá o dereito de acceso ao métodos preventivos que garanten prácticas sexuais máis seguras e que permiten a detección eficaz das infeccións de transmisión sexual e o seu tratamento, tanto no ámbito público como no privado.
Garantir o dereito á prevención, detección eficaz, tratamento integral de acordo cos avances no ámbito sanitario e ao apoio comunitario das persoas afectadas por Infeccións de Transmisións Sexual (ITS) e polas diferentes patoloxías que poden afectar as persoas LGBT, así como o estabelecemento da necesidade de realizar actividades periódicas de promoción da saúde, de prevención da enfermidade e de sensibilización en relación ás ITS, tanto para homes como para mulleres.”

Emenda nº15, de Adición. Artigo 26

Engadir un novo artigo 26.Bis, co seguinte texto:

"Artigo 26.Bis. Actitudes

A administración educativa galega, en colaboración co departamento competente en materia de igualdade, impulsará a realización de actividades dirixidas á comunidade escolar para a prevención de comportamentos e actitudes discriminatorias pola orientación sexual ou a identidade de xénero."

Emenda nº16, de Adición. Artigo 27

Débese engadir ao final do parágrafo o seguinte texto:

"psicoloxía e dereito."

Emenda nº17, de Adición. Artigo 29

Engadir un novo artigo 29.Bis, co seguinte contido:

"Artigo 29.Bis. Inspección educativa

Os servizos de inspección educativa do departamento competente en materia de educación velarán polo cumprimento e pola aplicación de todos os principios recollidos neste capítulo no sistema educativo galego, destinados a fomentar a igualdade real e a non discriminación do alumnado LGTB."

Emenda nº18, de Adición. CAPÍTULO VII

Débese crear un novo CAPÍTULO VII.BIS. MEDIDAS DE ACCIÓN SOCIAL co seguinte contido:

"CAPÍTULO VII.BIS. MEDIDAS DE ACCIÓN SOCIAL

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 16/10/2013 17:25
Nº Rexistro: 13958
Data envio: 16/10/2013 17:25:30.106

Artigo 33 Bis. Medidas apoio e non discriminación

A Administración debe impulsar políticas estábeis que teñan como obxecto a prevención do suicidio, auto-lesión, mutilacións ou calquera atentado contra a saúde, atendendo criterios da OMS, así como o illamento psicosocial ou outras situacións de vulnerabilidade ou risco en mozas e adolescentes lesbianas, gais, transexuais, transxénero e intersexuais.
A Administración impulsará un apoio para adolescentes e mozas lesbianas, gais, bisexuais e transexuais que fosen expulsados dos seus fogares ou ben marcharan voluntariamente a causa de situacións de maltrato e presión psicolóxica.
Débense estabelecer medidas específicas para as persoas LGBT que pertenzan ao colectivo de orixe inmigrado, de xente maior, de xente nova, do mundo rural, de xente con diversidade funcional, de etnia xitana e das persoas que exercen a prostitución, así como doutras en risco de exclusión social para evitar situacións de discriminación, risco e vulnerabilidade.
Os servizos sociais e especificamente as residencias de anciáns, tanto públicas como privadas, deben velar para que non se produzan situacións de discriminación derivadas da realidade vivencial das persoas LGBT, tanto a nivel individual como se conviven en parella, e tamén se fomentará o respecto á diversidade afectiva sexual entre as persoas usuarias dos servizos sociais.
Nas residencias ou outros servizos que distingan os espazos por sexos, identificaranse as persoas transexuais de acordo co xénero sentido.
Débense estabelecer os mecanismos necesarios para garantir que todas as persoas LGBT teñan o dereito a recibir toda a información e asistencia xurídica especializada relacionada coa discriminación e cos diferentes tipos de violencias exercidas contra as persoas LGBT.

Garantirase a visibilidade e non discriminación das persoas transexuais a través das seguintes actuacións:

a) No ámbito das administracións publicas no ámbito educativo e universitario, deben determinarse as condicións para que as persoas transexuais sexan tratadas e chamadas de acordo co nome do xénero co que se identifiquen, aínda que non modificaran civilmente o seu sexo.

b) Débense determinar por regulamento as condicións a través das que as persoas transexuais poden modificar o nome que aparece nos diferentes rexistros administrativos.

c) Deberase garantir en todo caso o dereito a consulta e información específica para persoas transexuais, transxénero e intersexuais en aspectos como: formación educativa, acceso ao mercado de traballo, tratamentos hormonais e cirurxías, saúde sexual e reprodutiva, etc.

d) Deberanse promover medidas directas de fomento da contratación de persoas transexuais en risco de exclusión á empresa ordinaria, así como difundir as oportunidades e vantaxes da súa contratación.

e) As persoas transexuais poderán acollerse ao que se estabelece nesta Lei sen que sexa necesario ningún diagnóstico de disforia de xénero nin ningún tratamento médico."

Emenda nº19, ao apartado 1, de Adición. Artigo 33

Artigo 33.1. Débese engadir ao final do punto 1 o seguinte:

“No sentido do expresado anteriormente, a Xunta de Galiza promoverá acordos e convenios de autorregulación en todos os medios de comunicación social.”

Emenda nº20, de Adición. Disposición derradeira terceira

Débese crear unha nova Disposición adicional primeira co seguinte contido:

“Disposición adicional primeira. Programa de prevención e eliminación da discriminación

O departamento competente en materia de Igualdade coordenara de xeito transversal cos outros departamentos do goberno galego a elaboración dun Programa anual de prevención e eliminación da discriminación. Dito programa será remitido ao Parlamento galego”.

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 16/10/2013 17:25
Nº Rexistro: 13958
Data envio: 16/10/2013 17:25:30.106

Emenda nº21, de Adición. Disposición derradeira terceira

Débese crear unha nova Disposición adicional segunda co seguinte contido:

“Disposición adicional Segunda. Estudio sobre o acoso escolar

A Consellaría competente en materia de educación levará a cabo un estudo sobre o acoso escolar que sofre o estudantado LGTB nos centros escolares e nas universidades galegas, presentando as súas conclusións no prazo de seis meses dende a entrada en vigor da presente Lei.”

Emenda nº22, de Adición. Disposición derradeira terceira

Débese crear unha nova Disposición adicional terceira co seguinte contido:

"Disposición adicional terceira. Información ao Parlamento de Galiza

O Goberno da Xunta de Galicia remitiralle ao Parlamento de Galicia, con carácter anual, un informe sobre a aplicación desta lei.”

Emenda nº23, de Adición. Exposición de motivos

Exposición de motivos. Parágrafo 5

Débese engadir na liña 11 despois de “mozos”:

“e mozas”

Asinado dixitalmente por:

Francisco Xesús Jorquera Caselas na data 16/10/2013

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 16/10/2013 17:25
Nº Rexistro: 13958
Data envio: 16/10/2013 17:25:30.106

17:25:13

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 16/10/2013 17:42
Nº Rexistro: 13961
Data envio: 16/10/2013 17:42:17.791

PARLAMENTO DE GALICIA

EMENDAS PRESENTADAS POLOS GRUPOS PARLAMENTARIOS ALTERNATIVA GALEGA DE ESQUERDA AO PROPOSICIÓN DE LEI POLA VISIBILIDADE E NON DISCRIMINACIÓN DE LESBIANAS, GAIS, TRANSEXUAIS E BISEXUAIS EN GALICIA (NUM. EXPE. 09/PPL-000010).

Emenda nº1, de Substitución. Artigo 1

Débese substituir en TODO O TEXTO a expresión: "lesbianas, gais, transexuais e bisexuais" por:

"lesbianas, gais, transexuais, bisexuais e intersexuais"

Emenda nº2, de Substitución. Artigo 1

Débese substituir en TODO O TEXTO a expresión: "LGTB" por:

"LBTBI"

Emenda nº3, de Adición. Artigo 1

Débese engadir un novo artigo co seguinte texto:

"Artigo 1.bis) Protección do/da menor.
1.Dentro das políticas de protección do/da menor, estableceranse medidas que garantan a liberdade de expresión da sexualidade e identidade de xénero do/da menor para evitar a discriminación e a inseguriddae persoal e problemas psicolóxicos derivados.
2.En casos de expulsión do fogar familiar por razón de orientación sexual ou identidade de xénero a administarción pública garantirá á/ao menor axuda psicolóxica adecuada á situación, protección e as axudas mateiais, xurídicas e administrativas que dispoña a lexislación para os casos de abandono de menores."

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 16/10/2013 17:42
Nº Rexistro: 13961
Data envio: 16/10/2013 17:42:17.791

Emenda nº4, de Adición. Artigo 3

Débese engadir un novo apartado co seguinte texto:

"- Intersexualidade: Condición pola que unha persoa presenta discrepancia entre sexo cromosómico, gónadas e xenitais, tendo características xenotípicas e fenotípicas propias de varón ou femia en grados variables."

Emenda nº5, ao apartado 7, de Supresión. Artigo 4

Débese suprimir no punto 7 a seguinte verba:

"discriminatorio"

Emenda nº6, ao apartado 4, de Adición. Artigo 9

Débese engadir in fine o seguinte texto:

"sen outro control que o do correcto emprego das subvencións concedidas nos obxetivos e actividades propias de cada asociación."

Emenda nº7, ao apartado 6, de Adición. Artigo 9

Débese engadir un novo punto co seguinte texto:

"6. A Xunta velará pola independencia das asociacións, organizacións e colectivos LGTBI galegas."

Emenda nº8, de Adición. Artigo 11

Débese engadir un novo paragrafo co seguinte texto:

"Garantirase ás persoas transexuais ás que non se lle recoñeza cambio de nome e sexo no Documento de

Identidade, no seu paso ou estanza en comisarías ou centros penitenciarios da Comunidade Autónoma da Galicia, o dereito a seren ingresadas nos módulos acorde coa súa identidade de xénero. Este mesmo dereito garantiráselle ás persoas intersexuais."

Emenda nº9, ao apartado 1, de Adición. Artigo 13

Débese engadir no punto 1 in fine o seguinte texto:

" que serva para garantir a capacitación dos e das traballadoras para desenrolar o seu traballo dende o respeto a tódalas orientacións sexuais e identidades de xénero e a persecuación dos comporatmentos LGTBIfóbicos."

Emenda nº10, ao apartado 9, de Adición. Artigo 16

Débese engadir un novo punto co seguinte texto:

"9. A Xunta de Galicia, facendo uso das súas competencias en materia de emprego e ao traverso do Servizo Galego de Colocación elaborará un Plan de Inserción Laboral e Formación adicado ás persoas LGTBI en risco de exclusión social, incidindo nas medidas que fomenten o emprego nas persoas transexuais."

Emenda nº11, ao apartado 4, de Adición. Artigo 17

Débese engadir no punto 4, tras: "...se combine coa de sexo ou enfermidade..." o seguinte texto:

"discapacidade física ou intelectual ou pertenza a calquer etnia ou relixión"

Emenda nº12, de Supresión. Artigo 19

Débese suprimir a seguinte expresión:

"a derivada do matrimonio"

Emenda nº13, de Adición. Artigo 19

Débese engadir in fine o seguinte texto:

"E tamén aquela onde exista unha relación de filiación con, alomenos unha ou un adulto."

Emenda nº14, de Adición. Artigo 22

Débese engadir in fine o seguinte texto:

"En caso de existir presunta violencia, agresión ou maltrato físco ou/e psicolóxico, estes servizos servirán de asesoramento sobre as vías legais procedentes."

Emenda nº15, ao apartado 1, de Adición. Artigo 23

Débese engadir no punto 1, tras: "...garantirá a información sobre homosexualidade, bisexualidade e transexualidade..." a seguinte expresión:

"...e intersexualidade..."

Emenda nº16, ao apartado 4, de Substitución. Artigo 23

Débese substituir o texto do punto 4 polo seguinte:

"4. Igualmente, a Consellería competente en materia de educación, impulsará a incorporación aos plans de estudo das titulacións universitarias de medicina, enfermaría, traballo social, terapeuta ocupacional e psicoloxía , así como dos ciclos de formación profesional en coidados auxiliares de enfermaría

que inclúan a orientación sexual e identidade de xénero, nas súas diferentes dimensións."

Emenda nº17, ao apartado 5, de Adición. Artigo 23

Débese engadir un novo punto co seguinte texto:

"5. Os coñecementos formativos en materia afectivo-sexual e de diversidade de orientación sexual e identidade de xénero serán incluídos nos temarios das ofertas públicas de emprego para o persoal sanitario que aspire a unha praza coma empregada ou empregado público no Servizo galego de Saúde e na Consellería de Sanidade."

Emenda nº18, ao apartado 6, de Adición. Artigo 23

Débese engadir un novo punto co seguinte texto:

"6.-Invitarase ás asociacións sociais pro dereitos LGTBI a participaren no Consello Social de Saúde para aportar a súa visión respecto á diversidade sexo-xenérica nas políticas sanitarias."

Emenda nº19, de Adición. Artigo 24

Débese engadir, tanto no título como no texto, tras a palabra "transexualidade" a seguinte expresión:
"e intersexualidade."

Emenda nº20, de Adición. Artigo 24

Débese engadir un novo paragrafo co seguinte texto:

"Quedará garantido o acceso aos tratamentos médicos, cirúrxicos ou/e psicolóxicos para as persoas transexuais e intersexuais na sanidade pública galega."

Emenda nº21, ao apartado 1, de Adición. Artigo 25

Débese engadir no punto 1 despois de "Garantirase a realización de campañas..." a seguinte expresión:

"de concienciación"

Emenda nº22, ao apartado 2, de Adición. Artigo 25

Débese engadir no punto 2 despois de "...acceso na sanidade pública..." a seguinte expresión:

"independentemente da súa situación administrativa"

Emenda nº23, ao apartado 2, de Adición. Artigo 25

Débese engadir no punto 2 in fine o seguinte texto:

"Ademáis reforzará e manterá os comités antiSIDA pola súa importante labor na prevención e tratamento do VIH/SIDA, tamén na comunidade LGTBI."

Emenda nº24, ao apartado 25 bis), de Adición. Artigo 25

Débese engadir un novo artigo co seguinte texto:

"Artigo 25.bis) O acceso ás consultas e tratamentos de reprodución asistida na sanidade pública quedarán garantidas a todas as mulleres independentemente da súa opción afectivo-sexual. Garantirase o acceso aás mulleres lesbianas e bisexuais."

Emenda nº25, de Adición. Artigo 26

Débese engadir in fine o seguinte texto:

"Así mesmo visibilizaranse na educación os diferentes modelos de familia contemplados nesta Lei.
Ademáis revisará os contidos de información, divulgación e formación que xa existan nos distintos niveis de ensino e outros ámbitos formativos."

Emenda nº26, de Adición. Artigo 27

Débese engadir despois de: "...sobre a realidade LGTBI..." o seguinte texto:

"...e os diferentes modelos de familia..."

Emenda nº27, de Adición. Artigo 28

Débese engadir despois de: "...sobre a realidade LGTBI" o seguinte texto:

"...e os diferentes modelos de familia."

Emenda nº28, ao apartado 1, de Adición. Artigo 29

Débese engadir no punto 1 in fine o seguinte texto:

"Así mesmo informará sobre os mecanismos de denuncia dos casos de acoso."

Emenda nº29, ao apartado 2, de Adición. Artigo 29

Débese engadir no punto 2 in fine o seguinte texto:

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 16/10/2013 17:42
Nº Rexistro: 13961
Data envio: 16/10/2013 17:42:17.791

"Igualmente recibirán asesoramento sobre os mecanismos de denuncia en caso de acoso."

Asinado dixitalmente por:

Eva Solla Fernández na data 16/10/2013 16:47:57

Xosé Manuel Beiras Torrado na data 16/10/2013 16:48:12

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 16/10/2013 17:53
Nº Rexistro: 13963
Data envio: 16/10/2013 17:53:19.112

PARLAMENTO DE GALICIA

EMENDAS PRESENTADAS POLO GRUPO PARLAMENTARIO POPULAR DE GALICIA AO PROPOSICIÓN DE LEI POLA VISIBILIDADE E NON DISCRIMINACIÓN DE LESBIANAS, GAIS, TRANSEXUAIS E BISEXUAIS EN GALICIA (NUM. EXPE. 09/PPL-000010).

Emenda nº1, ao apartado 1, de Substitución. Artigo 1

Débese substituír o texto do apartado 1 do artigo 1 polo que segue a continucíón:
"1.O obxecto da presente lei é garantir o principio de igualdade de trato e non dicriminación por razón de orientación sexual e identidade de xénero das persoas homosexuais, bisexuais, transexuais e transexuais e transxénero."

Emenda nº2, ao apartado 2.g), de Substitución. Artigo 2

Débese substituír o apartado g do artigo 2 polo que segue a continuación:
"g)Xuventude."

Emenda nº3, ao apartado 2.h), de Adición. Artigo 2

Débese engadir un novo subapartado h) o apartado 2 do artigo 2:
"h)comunicación."

Emenda nº4, ao apartado 3, de Supresión. Artigo 3

Débese suprimir o artigo 3.

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 16/10/2013 17:53
Nº Rexistro: 13963
Data envio: 16/10/2013 17:53:19.112

Emenda nº5, ao apartado 5, de Supresión. Artigo 4

Débese suprimir o texto do apartado 5 do artigo 4.

Emenda nº6, ao apartado 6, de Supresión. Artigo 4

Débese suprimir o texto do apartado 6 do artigo 4.

Emenda nº7, de Supresión. Artigo 6

Débese suprimir o artigo 6.

Emenda nº8, de Substitución. Artigo 7

Débese substituír o texto do artigo 7 polo que segue a continuación:

"Para garantir na práctica a plena igualdade por razón de orientación sexual e identidade de xénero, o principio de igualdade de trato non impedirá que se manteñan ou que se adopten medidas específicas a favor de lesbianas, gais, transexuais e bisexuais, destinadas a previr ou compensar as desventaxas que lles afecten relativas ás materias incluídas no ámbito de aplicación deste título."

Emenda nº9, de Modificación. Artigo 8

Débese modificar o texto do artigo 8 no seguinte senso:
"Onde di: ....e colectivos LGBT legalmente constituídos nos termos do artigo 9, por todos os medios..."
"Debe dicir: ...a colectivos LGBT, por todos os medios..."

Emenda nº10, ao apartado 4, de Supresión. Artigo 9

Débese suprimir o texto do apartado 4 do artigo 9.

Emenda nº11, de Substitución. Artigo 10

Débese sustituír o texto do artigo 10 polo que segue a continuación:
"Apoiarase un servizo de información, atención e asesoramento a lesbianas, gais, transexuais e bisexuais e as súas familias e persoas achegadas en colaboración cos gobernos locais."

Emenda nº12, de Supresión. Artigo 11

Débese suprimir o artigo 11.

Emenda nº13, de Supresión. Artigo 12

Débese substituír o texto do artigo 12 polo que segue a continuación:
" A este respecto se terán en conta as previsións contidas tanto no artigo 32 da Lei 4/2007, de coordinación de policías locais, coma no artigo 27 da Lei 8/2007 da Policía de Galicia, ou naqueloutra normativa de referencia na que se contemple o respecto ao dereito constitucional á igualdade."

Emenda nº14, de Substitución. Artigo 13

Débese substituír o texto do artigo 13 polo que segue a continuación:
" 1.Os plans de formación da Academia Galega de Seguridade Pública incluirán acción formativas nas que específicamente se recolla o tratamento do dereito á igualdade e a non discriminación.
2.Nestas actividades poderán participar todos os colectivos relacionados coa seguridade pública ou as emerxencias, aos que se dirixa a acción da AGASP."

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 16/10/2013 17:53
Nº Rexistro: 13963
Data envio: 16/10/2013 17:53:19.112

PARLAMENTO DE GALICIA

Emenda nº15, de Supresión. Artigo 14

Débese suprimir o artigo 14.

Emenda nº16, de Modificación. Artigo 15

Débese modificar o texto do artigo 15 no seguinte senso:
"Onde di:...establecera medidas de apoio ás vítimas..."
"Debe dicir: ...establecerá medidas de apoio, conforme coa lexislacíón vixente, ás vítimas..."

Emenda nº17, de Substitución. Artigo 16

Débese substituír o texto do apartado 8 do artigo 16 polo que segue a continuación.
" 8.Nas Bases Reguladoras das subvencións públicas e nos pliegos das contratacións poderase impoñer como condición especial de execución o respecto do protocolo establecido no punto anterior, de tal modo que o seu incumprimento poderá levar consigo o reintegro da subvención ou a resolución do contrato dacordo ao establecido nas citadas Bases Reguladoras e pliegos."

Emenda nº18, ao apartado 2, de Supresión. Artigo 16

Débese substituír o texto do apartado 2 do artigo 16 polo que segue a continuación:
"2. A Consellería competente en materia de traballo promoverá a incorporación nos seus plans de formación en materia de igualdade de oportunidades, independentemente da súa orientación sexual ou identidade de xénero das persoas."

Emenda nº19, ao apartado 3, de Substitución. Artigo 16

Débese substituír o texto do apartado 3 do artigo 16 polo que segue a continuación:
" 3. A Administración autonómica promoverá a elaboración dun estudo, no que se visibilice a situación das persoas LGTB, no que se garantirá a confidencialidade e privacidade dos datos das persoas, aos efectos de coñecer a súa situación laboral e as medidas a adoptar para loitar contra a súa posible discriminación no ámbito das empresas públicas e privadas."

Emenda nº20, ao apartado 4, de Modificación. Artigo 16

Débese modificar o texto do apartado 4 do artigo 16 no seguinte senso:
"Onde di: ..establecerá.."
"Debe dicir: ..poderá establecer.."

Emenda nº21, ao apartado 7, de Modificación. Artigo 16

Débese modificar o apartado 7 do artigo 16 no seguinte senso:
"Onde di: ...laboral elaborará un..."
"Debe dicir:...laboral promoverá a elaboración dun..."

Emenda nº22, de Modificación. Artigo 17

Débese modificar o texto do artigo 17 no seguinte senso:
Onde di: "A Xunta de Galicia no marco do diálogo social instará ao conxunto das organizacións sindicais e empresariais que actúen..."
Débe dir: "A Xunta de Galicia instará ás organizacións sindicais e empresariais presentes no diálogo social..."

Emenda nº23, de Substitución. Artigo 19

Débese substituir o texto do artigo 19 polo que segue a continuación:

" De conformidade co disposto na Lei 3/2011, do 30 de xuño, de apoio á familia e á convivencia de Galicia entendese por familia a derivada do matrimonio, da unión entre dúas persoas do mesmo ou distinto sexo, en relación de afectividade análoga a conxugal, rexistrada ou non, do parentesco, da filiación ou da afinidade"

Emenda nº24, de Substitución. Artigo 20

Débese substituír o texto do artigo 20 polo que segue a continuación:
" En aplicación da normativa estatal e autonómica vixente garantirase que na valoración da idoneidade nos procesos de adopción non existirá ningunha discriminación por razón de orientación sexual ou identidade de xénero."

Emenda nº25, ao apartado 1, de Substitución. Artigo 21

Débese substituír o apartado 1 do artigo 21 polo que segue a continuación:
" 1.Os órganos competentes Comunidade Autónoma de Galicia en materia de familia e igualdalde, así como os gobernos locais da Comunidade Autónoma de Galicia,poderán establecer programas de información dirixidos ás familias co obxecto de divulgar as distintas realidades afectivo - sexuais e de xénero,os distintos modelos familiares, e de combater a discriminación por razón de orientación sexual e identidade de xénero no ámbito familiar."

Emenda nº26, de Substitución. Artigo 22

Débese substituír o texto do artigo 22 polo que segue a continuación:
" Os servizos de apoio, asesoramento e mediación familiar dependentes da Xunta de Galicia, en coordinación cos servizos de LGTB municipais, alí onde existisen, atenderán e darán apoio ás vítimas de discriminación no ámbito familiar, tendo especial consideración os casos de violencia doméstica ou nos que se encontren implicados os grupos de persoas LGTB máis vulnerables referidas no artigo 21.2."

Emenda nº27, ao apartado 3, de Modificación. Artigo 23

Débese modificar o texto do apartado 3 do artigo 23 no seguiente senso:
Onde di: "....na formación continúa e obligatoria de..."
Debe dicir: "...na formación continúa de..."

Emenda nº28, ao apartado 4, de Supresión. Artigo 23

Débese suprimir o apartado 4 do artigo 23.

Emenda nº29, de Substitución. Artigo 24

Débese substituír o texto do artigo 24 polo que segue a continuación:
"Garantiráse a atención sanitaria segundo necesidade e criterio clínico."

Emenda nº30, ao apartado 3, de Substitución. Artigo 25

Débese substituír o texto apartado 3 do artigo 25 polo que segue a continuación:
" 3. Igualmente, elaboraranse campañas destinadas as mulleres que teñen sexo con outras mulleres."

Emenda nº31, de Substitución. Artigo 26

Débese substituír o texto do artigo 26 polo que segue a continuación:
" A consellería competente en materia de educación incorporará a realidade homosexual, bisexual, transexual e transxénero nos contidos transversais de formación de todo o alumnado de Galicia naquelas materias en que sexa

procedente,dando audiencia ao Consello e, no seu caso, escoitando ás asociacións, organizacións e colectivos LGTB."

Emenda nº32, de Modificación. Artigo 27

Débese modificar o artigo 27 no seguinte senso:
Onde di: "Estableceranse cursos e seminarios de formación ao persoal existente"
Debe dicir: "Estableceranse actividades de formación ao persoal existente."

Emenda nº33, de Substitución. Artigo 28

Débese substituír o texto do artigo 28 polo que segue a continuación:
" A consellería competente en materia de educación, en colaboración coas ANPAS, deseñará contidos para as Escolas de Pais e Nais relativos á realidade LGTB.

Emenda nº34, de Substitución. Artigo 29

Débese substituír o texto do artigo 29 polo que segue a continuación:
" 1. Estableceránse actuacións para combater o acoso escolar por razón de orientación sexual ou identidade de xénero, favorecendo a visibilidade do alumnado LGTB e a plena normalidade das distintas orientacións sexuais e identidades de xénero.
2.A efectos de favorecer a visibilidade e integrar de forma transversal a diversidade afectivo - sexual nos centros escolares, a consellería competente en materia de educación favorecerá nos centros sostidos con fondos públicos, a realización de actividades específicas próximas a datas de celebracións internacionais relacionadas co recoñecemento efectivo de dereitos a persoas lesbianas, gais, transexuais e bisexuais."

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 16/10/2013 17:53
Nº Rexistro: 13963
Data envio: 16/10/2013 17:53:19.112

Emenda nº35, de Substitución. Artigo 30

Débese substituir o texto do artigo 30 polo que segue a continuación:
" O órgano competente da Comunidade Autónoma neste ámbito, favorecerá a creación dunha sección específica na Biblioteca de Galicia sobre o feito LGTB e en materia de orientación sexual e identidade de xénero."

Emenda nº36, de Modificación. Artigo 30

Débese suprimir dentro do apartado 1 do artigo 31 o seguinte texto in fine:
"Establecerase unha liña de subvencións para tal efecto".

Emenda nº37, ao apartado 3, de Supresión. Artigo 30

Débese suprimir o apartado 3 do artigo 31.

Emenda nº38, de Substitución. Artigo 32

Débese substituír o texto do artigo 32 polo que segue a continuación:
"A práctica deportiva e de actividade física en Galicia desenvolverase en termos de igualdade e sen discriminación ningunha por razón de orientación sexual e identidade de xénero. A tal efecto os poderes públicos colaborarán entre sí e coas asociacións, organizacións, colectivos e entidades, públicas e privadas."

Emenda nº39, de Adición. Artigo 32

Débese engadir un novo capitulo VI bis,cun novo artigo 32 bis con seguinte texto:

"CAPÍTULO VI bis: MEDIDAS EN MATERIA DE XUVENTUDE
Artigo 32 bis

1.- A consellería competente en materia de Xuventude continuará desenvolvendo programas destinados á información e asesoramento á mocidade en materia de orientación sexual e identidade de xénero.
2.- Garantirase, dende unha óptica transversal, a continuación da labor formativa en contextos formais e non formais, nos que se traballe o valor da diversidade e o respecto cara a mesma.
3.- Nestas accións visibilizarase a realidade LGTB na mocidade, traballaranse aspectos relacionados coa convivencia e a non discriminación, en función de aspectos relacionados coa identidade ou a orientación sexual."

Emenda nº40, de Substitución. Artigo 33

Débese substituir o texto do artigo 33 polo que segue a continuación:
" Artigo 33. Fomento da igualdade nos medios de comunicación
A Xunta de Galicia, a través dos medios de comunicación de titularidade autonómica e a través daqueles en que participe ou subvencione, garantirá, condicionando a efectividade desta subvención e sen vulnerar a liberdade de expresión e información, a transmisión dunha imaxe igualitaria, plural e non estereotipada de todas as persoas na sociedade, e, para estes efectos, promoverase:
• A programación de campañas nos medios de comunicación, destinadas a toda a sociedade, sobre a importancia e a necesidade da participación social e política de todas as persoas.
• A adopción, mediante a autorregulación, de códigos de boas prácticas tendentes a transmitir o contido dos valores constitucionais sobre a igualdade de todos, sen discriminación.
• A utilización non sexista da linguaxe e/ou das imaxes non discriminatorias, especialmente no ámbito da publicidade."

Emenda nº41, de Adición. Artigo 33

Débese engadir un novo artigo 33.bis con seguinte texto:
"Artigo 33.bis. Programas e campañas de apoio á igualdade de todas as persoas.
A Xunta de Galicia garantirá, a través dos medios de comunicación de titularidade autonómica, e promoverá, a

través daqueles en que participe ou subvencione, condicionando a efectividade da subvención, a emisión de programas tendentes a erradicar todas as formas de discriminación e, en concreto, por razóns de orientación sexual e identidade de xénero.
A Xunta de Galicia velará para garantir en todas as campañas institucionais de publicidade o respecto pola orientación sexual e identidade de xénero de todas as persoas."

Emenda nº42, de Adición. Artigo 33

Débese engadir un novo artigo 33. ter con seguinte texto:
" Artigo 33. ter. Fomento da igualdade nas novas tecnoloxías
A Xunta de Galicia promoverá o acceso de mulleres e de homes ás novas tecnoloxías en condicións de igualdade de oportunidades, e a transmisión, a través dos contidos desas novas tecnoloxías, dunha imaxe igualitaria, plural e non estereotipada da sociedade."

Emenda nº43, de Supresión. TÍTULO III

Débese suprimir o Título III.

Emenda nº44, de Substitución. Exposición de motivos

Débese substituír a o texto da exposición de motivos polo que segue a continuación:
" A Constitución Española no artigo 14 proclama o dereito á igualdade e á non discriminación ao establecer que “os españois son iguales ante á lei, sen que poda prevalecer discriminación algunha por razón de nacemento, raza, sexo, relixión, opinión ou calquera outra condición ou circunstancia persoal ou social.
Reiterada xurisprudencia do Tribunal Constitucional, ten establecido, que inda que o artigo 14 non conten unha referencia explícita á discriminación derivada da orientación sexual do individuo, ésta é, indubitadamente, unha circunstancia incluida na cláusula “calquera outra condición ou

circunstancia persoal ou social", á que debe ser referida a interdicción da discriminación.

O Estatuto de Galicia, no seu artigo 4.2, da mesma forma que a Constitución Española no seu artigo 9.2, sentan as bases para promover unha igualdade efectiva entre individuos, o recoller a obriga que corresponde aos poderes públicos de " promove-las condicións para que a liberdade e a igualdade do individuo e dos grupos en que se integran sexan reais e efectivas, remove-los atrancos que impidan ou dificulten a súa plenitude e facilita-la participación do tódolos galegos na vida política, económica, cultural e social.

A lexislación internacional sobre dereitos humanos, e múltiples tratados internacionais consagran a igualdade como un principio xurídico fundamental e universal. Dende a Declaración Universal de Dereitos Humáns, que establece que " Toda persoa ten os dereitos e liberdades proclamados nesta Declaración, sen distinción algunha de raza, cor, sexo, idioma, relixión, opinión política ou de calquera outra índole,orixe nacional ou social, posición económica, nacemento ou calquera outra condición", numerosos textos lexislativos internacionais sobre dereitos humáns e múltiples tratados internacionais consagran a igualdade das persoas como un principio xurídico fundamental e universal.

Este recoñecemento implícito da Declaración Universal, explicítase respecto das persoas homosexuais, bisexuais, transexuais e transxénero, en numerosos textos e tratados internacionais, e existen declaracións específicas a este respecto que deben ser tomadas en consideración, como os Principios de Yogyakarta. A ONU e a UE, teñen establecido principios internacionais respecto da homosexualidade, vinculantes para os seus estados membros. No ano 1994, o Comité de Dereitos Humáns de Nacións Unidas dictaminou que a prohibición e consecuente penalización dos comportamentos homosexuais vulneraban os dereitos á privacidade e a non discriminación.

No ano 2000, a UE, no artigo 21 da Carta de Dereitos Fundamentais da Unión Europea, censura legalmente a discriminación por motivos de orientación sexual: "Prohíbese toda discriminación, e en particular a exercida por razón de sexo, raza, cor, oríxenes étnicos ou sociais, características xenéticas, língua, relixión ou convicción, opinións políticas ou de calquera outro tipo, pertenza a unha minoría nacional, patrimonio, nacemento, discapacidade, idade ou orientación sexual"

A Resolución de 8 de febreiro de 1994 do Parlamento Europeo, sobre a igualdade de dereitos dos homosexuais e as lesbianas da Comunidade Europea e sobre a igualdade xurídica e contra

a discriminación de lesbianas e gays, insta a todolos estados membros a velar pola aplicación do principio de igualdade de trato, con independencia da orientación sexual das persoas interesadas, en todalas disposicións xurídicas e administrativas.Neste senso, tamén se ten pronunciado a Resolución do Parlamento Europeo sobre a homofobia en Europa, aprobada o 18 de xaneiro de 2006, pedindo aos estados membros que tomen calqueira medida que consideren adecuada para loitar contra a discriminación por razón de orientación sexual. Existe, como se ven de sinalar, abundante lexislación internacional que consagra a igualdade como principio fundamental e particularmente a igualdade independientemente da orientación sexual dos individuos.

No ano 2011 o Consello de Dereitos Humáns da ONU aprobou a 1ª Resolución recoñecendo os dereitos do colectivo de LGTB, unha declaración formal de condena dos actos de violencia e discriminacion en calquera lugar do mundo por razón da orientación sexual e identidade de xénero. Nesa Resolución, o Consello facía ademais unha petición expresa á Oficina do Alto Comisionado de NU para os Dereitos Humáns, a fin de documentar as leis discriminatorias e actos de violencia por razon de orientación sexual e identidade de xénero en todo o mundo e propoñer as medidas a adoptar.

Dese informe, resultou que os gobernos e os órganos intergubernamentais tiñan descuidado a menudo a violencia e a discriminación por razón da orientación sexual e identidade de xénero, concluindo que o Consello, debía promover “o respeto universal pola protección de todolos dereitos humáns e liberdades fundamentais de todalas persoas, sin distinción de ningún tipo e dunha maneira xusta e equitativa” e establecendo unha serie de recomendacións aos Estados Membros, entre outras, que “promulguen lexislación amplia de loita contra a discriminación que inclua a discriminación por razón da orientación sexual e a identidade de xénero entre os motivos prohibidos e recoñeza as formas de discriminación concomitantes e velen porque a loita contra a discriminación por razón da orientación sexual e a identidade de xénero se inclua nos mandatos das institucions nacionais de dereitos humáns”

Nos últimos anos téñense producido avances importantes no que atinxe á protección e recoñecemento dos dereitos das persoas LGTB, de maneira que son moitos os paises que recoñecen o dereito a contraer matrimonio entre persoas do mesmo sexo ou que están considerando medidas semellantes nas suas cámaras lexislativas.

España ten incorporado á sua normativa, Directivas Europeas e ratificado Tratados e Protocolos internacionais que prohiben

toda discriminación, por causa da orientación sexual. Na lexislación nacional cabe destacar a Lei 62/2003, de 30 de decembro, de medidas fiscais, administrativas e de orde social adecúa a lexislación nacional á Directiva 2000/43/CE e a Directiva 2000/78/CE, procedendo a súa transposición ó noso dereito. Esta lei busca a aplicación real e efectiva do principio de igualdade de trato e non discriminación, facendo mención expresa a realizada por razón de orientación sexual. Mediante as medidas incluídas nesa nesa lei estableceuse un marco legal xeral para combater a discriminación en tódolos ámbitos, abordase a definición legal da discriminación, directa e indirecta, e modernízase a regulación da igualdade de trato e a non discriminación no traballo; así a Lei 13/2005 pola que se modifica o Código Civil en materia de dereito a contraer matrimonio, ou a Lei 3/2007 reguladora da rectificación rexistral da mención relativa ao sexo das persoas.

En Galicia, os principios de liberdade e igualdade do individuo aparecen recollidos no Estatuto de Galicia, e son moitas as normas que consagran a igualdade, independientemente do estado civil ou orientación sexual. Por citar algunha, a lei de Dereito Civil de Galicia. (2/06).

Nos informes da Axencia dos Dereitos Fundamentais da Unión Europea elaborados no 2008 e 2009, destácase os importantes avances dos últimos anos, e outro informe máis recente revela que o 88% dos españois considera que a homosexualidade debe ser aceptada pola sociedade, de maneira que as distintas formas de orientación sexual contan con un alto grado de aceptación, por encima incluso de moitos paises do noso entorno. Nembargantes, e ainda que este nivel de aceptación, se incrementou de forma apreciable nos últimos anos, todavía atopamos actitudes discriminatorias, que nos obrigan a seguir traballando na búsqueda dunha sociedade cada vez mais igualitaria.

A sociedade galega, ofrece un grado de aceptación moi elevado ás distintas formas de orientación sexual e de identidade sexual, e é maioritariamente consciente da necesidade de erradicar calquera forma de discriminación por esta causa. A presente lei, persegue garantir a igualdade de trato e combater a discriminación por razóns de orientación sexual e identidade sexual; trátase de eliminar calquera atisbo de discriminación que podamos apreciar no eido do ensino, das relacións laborais, da cultura, da saúde, do deporte, e en xeral, no acceso a calquera ben ou servizo.

II

A presente lei estrutúrase en tres títulos e nove capítulos e tres disposicións derradeiras.

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 16/10/2013 17:53
Nº Rexistro: 13963
Data envio: 16/10/2013 17:53:19.112

O Título I establece as disposicións xerais para actuación dos poderes públicos na defensa dos dereitos do colectivo LGTB e na promoción da súa visibilidade.
O Título II recolle as medidas a adoptar nos ámbitos policial e da xustiza, laboral, familiar, da saúde, da educación, da cultura e do ocio e da comunicación para a promoción da igualdade, visibilidade e non discriminación do LGTB.
Finalmente a Disposición derradeira primeira faculta a Xunta de Galicia para o desenvolvemento regulamentario da presente lei. A Disposición derradeira segunda faculta ao Valedor do Pobo para constituírse na autoridade independente que vele pola defensa dos dereitos establecidos nesta lei. A Disposición derradeira terceira establece o prazo para a súa entrada en vigor."

Emenda nº45, de Substitución. Exposición de motivos

Débese substituír o título da lei polo que segue a continuación:
"Proposición de lei pola igualdade de trato e non discriminación de lesbianas, gais, transexuais e bisexuais en Galicia."

Asinado dixitalmente por:

Pedro Puy Fraga na data 16/10/2013 17:52:48

XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,
ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS
E XUSTIZA
Dirección Xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
- 5 ABR. 2013
Núm. 6146

VICEPRESIDENCIA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E XUSTIZA
DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS
- 5 ABR. 2013
SAÍDA
Num. 580

RS/mc

En relación coa pregunta con resposta escrita **número: 4453,** formulada polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, a iniciativa de don José L. Méndez Romeu e varios/as deputados/as máis, sobre **"a actuación que está levar a cabo o Igape en relación cos procesos de licitación correspondentes aos diversos expedientes de contratación do ente público"**, (publicada no BOPG número 67, do 12 de marzo de 2013), teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Economía e Industria,** que ten o seguinte contido:

"A tramitación dos expedientes de contratación promovidos polo Igape, realízase segundo o establecido para a Administración pública na normativa de contratos do sector público.

Nos procedementos negociados sen publicidade, a normativa prevé que unicamente se dea conta dos mesmos unha vez resoltos os procedementos, polo que a publicidade na plataforma ten carácter informativo, non influíndo na concorrencia entre empresas.

Os datos que se publican neste tipo de procedementos, segundo a normativa, son os relativos á adxudicación da contratación (e non os relativos á fase de licitación, que é propia dos procedementos abertos) e son o obxecto da contratación, o adxudicatario, o importe da adxudicación e o arquivo da resolución de adxudicación.

Os datos do importe inicial da contratación e das empresas invitadas (invítase a tres empresas como mínimo), son datos que corresponden á fase previa á adxudicación, polo que non son obxecto de publicación na plataforma.

Os procedementos abertos con publicidade da licitación no DOUE, sempre son tamén obxecto de publicidade no DOG e no BOE. Na plataforma de contratación publícase a data de envío do anuncio de licitación ó DOUE, que é a data prioritaria e a determinante ós efectos do cómputo do prazo de presentación de ofertas e a súa apertura, segundo a normativa de contratos do sector público.

En canto ás valoracións realizadas para determinar a adxudicación das contratacións tramitadas por procedemento aberto, as mesmas están publicadas na plataforma de contratación, no apartado arquivos da mesa, seguindo a continuación todo el proceso ata a adxudicación do procedemento."

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela, 4 de abril de 2013
O director xeral de Relacións Institucionais
e Parlamentarias

Gonzalo José Ordóñez Puime

Excma. Sra. Presidenta do Parlamento de Galicia

BOLETÍN OFICIAL DO PARLAMENTO DE GALICIA

Edición e subscricións: Servizo de Publicacións do Parlamento de Galicia.
Hórreo, 63. 15702. Santiago de Compostela. Telf. 981 55 13 00. Fax. 981 55 14 25

Dep. Leg. C-155-1982. ISSN 1133-2727